

2.1. Introducción

No capítulo anterior estudamos a realidade macroeconómica galega do ano 2006; neste ímonos centrar primeiro na estrutura e na dinámica do tecido produtivo galego, para abordar despois a política industrial das diferentes administracións públicas.

Comezaremos co estudo da dimensión das empresas galegas (en aspectos como o número de empregados/as, distribución por provincias e tipo de actividade) baseándonos fundamentalmente en datos obtidos do INE (DIRCE); trataremos tamén neste epígrafe do crecemento do número de empresas galegas e da forma xurídica que adoptan.

No apartado seguinte analizaremos a situación económico-financeira das empresas galegas, a partir dos datos proporcionados polo IGE a través da Central de Balances de Galicia.

Despois, analizaremos as enquisas industriais (de empresas e de produtos) do INE, dúas enquisas do sector servizos (as do comercio polo miúdo e do sector turístico) e diversos indicadores de conxuntura, tanto desde a perspectiva da oferta como da demanda.

Centrarémonos logo na análise dos resultados estatísticos que reflicten a enquisa de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), a de innovación tecnolóxica e a de indicadores de alta tecnoloxía .

Por último, abordaremos o estudo do sector público empresarial en Galicia (analizando a súa relevancia en emprego e en investimento) e da política industrial en Galicia, contemplada desde unha triple perspectiva: da Unión Europea, da Administración Central e da Administración Autonómica.

2.2. Estrutura e dinámica empresarial galega.

Neste apartado achegarémonos á estrutura e á evolución do tecido produtivo galego co estudo das empresas galegas segundo o número de traballadores/as, os sectores de actividade ou a condición xurídica, de acordo coa información subministrada polo *Directorio central de empresas* (DIRCE) do INE. Esta información combina, na elaboración das estatísticas de empresas, os datos da Seguridade Social cos procedentes das retencións do IRPF, o imposto de actividades económicas e os de Rexistro Mercantil, someténdoo a un itinerario de tratamentos de depuración, harmonización e integración co obxecto de obter maior fiabilidade. Os datos refírense á situación a día 1 de xaneiro de cada ano e non inclúen as empresas dos sectores agrario e pesqueiro nin os servizos administrativos das administracións públicas (aunque si as empresas públicas).

■ Cadro 2.1

Empresas activas, por sector económico e comunidade autónoma. 2006

	Sector económico				
	Total	Industria	Construción	Comercio	Resto de servizos
Cataluña	578.340	49.274	82.353	139.289	307.424
Andalucía	486.674	33.212	57.986	147.341	248.135
Madrid	478.202	27.578	61.009	104.494	285.121
C. Valenciana	348.692	30.417	49.516	94.788	173.971
Galicia	191.642	15.037	27.750	55.514	93.341
Cast. e León	163.856	12.977	26.925	45.219	78.735
Pais Vasco	161.376	14.537	24.130	40.263	82.446
Canarias	132.810	6.331	16.505	36.920	73.054
Cast. A Mancha	124.413	13.178	23.856	34.958	52.421
Murcia	90.698	7.738	14.356	25.947	42.657
Baleares	88.027	5.405	14.957	20.064	47.601
Aragón	87.941	7.752	14.252	21.980	43.957
Asturias	70.115	4.361	9.826	18.693	37.235
Extremadura	63.084	5.177	8.785	20.746	28.376
Navarra	41.083	3.904	6.580	10.292	20.307
Cantabria	37.690	2.399	5.835	9.517	19.939
A Rioxa	22.393	2.860	3.313	5.960	10.260
Ceuta e Melilla	7.357	173	512	3.291	3.381
España	3.174.393	242.310	448.446	835.276	1.648.361

Fonte: INE, DIRCE

O cadro 2.1 recolle a distribución por sectores económicos e comunidades autónomas das empresas que figuran no DIRCE ao comezo do ano 2006. Sobrancearemos os seguintes aspectos:

■ O crecemento no número de empresas no último ano foi no total español do 3,60%, por riba do incremento de Galicia (3,19%).

■ Cataluña é a que maior número de empresas acolle, atendendo ao emprazamento da súa sede central, cun 18,22% do total español; o segundo lugar ocúpao Andalucía (15,33%) e o terceiro Madrid (15,06%). Entre estas tres comunidades concentran case a metade (un 48,61%) do total de empresas de España, unha décimas máis que no ano anterior.

■ Galicia segue a ser a quinta comunidade por número de empresas, cun peso relativo no total español do 6,04% (porcentaxe lixeiramente inferior en dous centésimas do ano anterior e pouco menor que a da poboación galega no Estado en 2006: 6,19%).

■ Ao redor da metade das empresas (48,71% en Galicia e 51,93% no total estatal) pertencen ao sector “resto de servizos”, no que figuran as empresas do sector de servizos diferentes das comerciais. Case a terceira parte do total das empresas son comerciais (28,97% en Galicia e 26,31% no total estatal). Conxuntamente, as empresas do sector servizos supoñen máis de tres de cada catro empresas que figuran no DIRCE, tanto en Galicia (77,67%) como en España (78,24%).

A análise comparativa da distribución sectorial de empresas en Galicia e España do cadro 2.2 e a evolución do último cuatrienio no cadro 2.3, permite ás persoas interesadas o estudo máis polo miúdo.

**Distribución das empresas. Por sectores económicos⁽¹⁾.
Galicia/ España. 2003-2006**

■ **Cadro 2.2**

Sector	2003		2004		2005		2006	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Industria	8,6	8,8	8,3	8,4	8,1	8,0	7,8	7,6
Construción	13,8	12,8	14,0	13,3	14,2	13,6	14,5	14,1
Comercio	30,9	28,7	30,3	28,1	29,8	27,5	29,0	26,3
Resto de servizos	46,7	49,7	47,4	50,2	47,9	50,9	48,7	51,9

Elaboración propia

(1) En porcentaxe de cada sector sobre o total de empresas

Fonte: INE, DIRCE

■ **Cadro 2.3**

Evolución do número total de empresas. Galicia e España. 2001-2006

	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Galicia	167.732	165.726	174.077	180.977	185.722	191.642
España	2.645.317	2.710.400	2.813.159	2.942.583	3.064.129	3.174.393

Elaboración propia

Fonte: INE, DIRCE

No cadro 2.4. presentamos a evolución das empresas en Galicia -con desglose provincial- e máis no estado desde 1995. Galicia ten a primeiros do ano 2006 un 6% do total estatal de empresas que figuran no DIRCE, porcentaxe unha décima inferior á do ano anterior. A provincia da Coruña concentra agora un 41,31% das empresas galegas e a de Pontevedra o 34,36% polo que tres de cada catro empresas galegas pertencen a unha desas provincias.

■ Cadro 2.4

Distribución das empresas. Por provincias. Galicia/España. 1995-2006

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	% G/E
1995	61.647	19.678	19.085	46.980	147.390	2.301.559	6,4
1996	63.865	20.254	19.779	48.597	152.495	2.384.711	6,4
1997	64.946	20.545	20.076	49.494	155.061	2.438.830	6,4
1998	66.313	20.945	20.370	50.955	158.583	2.474.690	6,4
1999	63.167	21.267	20.598	52.013	157.045	2.518.801	6,2
2000	69.381	21.825	20.959	53.907	166.072	2.595.392	6,4
2001	70.021	21.865	21.136	54.710	167.732	2.645.317	6,3
2002	66.276	21.942	21.215	56.293	165.726	2.710.400	6,1
2003	71.748	22.396	21.560	58.373	174.077	2.813.159	6,2
2004	74.809	22.479	22.118	61.571	180.977	2.942.583	6,2
2005	77.023	23.122	22.452	63.125	185.722	3.064.129	6,1
2006	79.170	23.780	22.843	65.849	191.642	3.174.393	6,0

Elaboración propia
Fonte: INE, DIRCE

No último ano aumentou o número de empresas nas catro provincias de Galicia, e fíxoo en maior medida na de Pontevedra (4,32%) , seguida de Lugo (2,85%) e A Coruña (2,79%) e, en menor medida en Ourense (1,74%).

A distribución nas provincias galegas -e nos totais galego e español- do número de empresas segundo a condición xurídica no último cuatrienio pódese ver no cadro 2.5, que reflicte que:

■ En Galicia o maior aumento absoluto no último ano foi o das sociedades de responsabilidade limitada (4.096), mentres que as empresas propiedade de persoas físicas medran só en 782 . e o número das sociedades cooperativas en 1.

■ No último ano diminuíu o número de sociedades anónimas en 14 e as cooperativas en 15.

■ Se da evolución pasamos á “foto fixa”, no último ano a empresa propiedade dunha persoa física segue a ser a fórmula maioritaria de case dúas de cada tres empresas de Galicia (59,98%), aínda que segue a perder forza (1,48 puntos este ano). A segunda é a sociedade de responsabilidade limitada (29,64%), que un ano máis sube a súa porcentaxe (neste caso en un punto e vinteseis centésimas).

■ Cadro2.5

Empresas segundo condición xurídica, por provincias. Galicia/España 2003-2006

	Total empresas	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades respons. limitada	Sociedades colectivas	Sociedades comanditarias	Comunidades de bens	Sociedades cooperativas	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos e outros
A Coruña 2003	71.748	46.366	1.765	17.787	8	1	822	420	4.430	149
2004	74.809	47.613	1.739	19.160	8	1	866	404	4.865	153
2005	77.023	47.935	1.736	20.596	8	0	926	391	5.279	152
2006	79.170	48.090	1.718	22.185	8	0	954	381	5.680	154
Lugo 2003	22.396	15.639	293	4.817	0	0	1.222	180	191	54
2004	22.479	15.333	305	5.065	0	0	1.305	170	244	57
2005	23.122	15.462	310	5.459	0	0	1.381	174	276	60
2006	23.780	15.560	311	5.865	0	0	1.496	173	319	56
Ourense 2003	21.560	14.708	483	5.013	1	0	244	152	907	52
2004	22.118	14.821	479	5.341	2	0	274	141	1.010	50
2005	22.452	14.663	477	5.748	1	0	284	136	1.090	53
2006	22.843	14.644	468	6.094	2	0	299	128	1.151	57
Pontevedra 2003	58.373	35.107	1.524	17.987	3	0	2.086	294	1.260	112
2004	61.571	36.272	1.539	19.508	3	0	2.399	293	1.445	112
2005	63.125	36.099	1.556	20.896	3	0	2.611	287	1.559	114
2006	65.849	36.647	1.568	22.651	3	0	2.815	291	1.756	118
Galicia 2003	174.077	111.820	4.065	45.604	12	1	4.374	1.046	6.788	367
2004	180.977	114.039	4.062	49.074	13	1	4.844	1.008	7.564	372
2005	185.722	114.159	4.079	52.699	12	0	5.202	988	8.204	379
2006	191.642	114.941	4.065	56.795	13	0	5.564	973	8.906	385
España 2003	2.813.159	1.694.543	124.468	773.151	426	112	79.248	25.679	107.559	7.973
2004	2.942.583	1.738.456	122.579	839.958	456	114	88.737	25.557	118.413	8.313
2005	3.064.129	1.767.265	121.441	918.449	406	100	94.898	25.801	127.414	8.355
2006	3.174.393	1.791.126	117.441	992.658	400	98	102.592	25.328	136.286	8.464

Elaboración propia
Fonte: INE, DIRCE

No cadro 2.6 ofrecemos a distribución das empresas por estrato de asalariados/as nas provincias galegas -e nos totais galego e máis estatal- no último cuatrienio. O predominio no tecido produtivo das pequenas empresas e das microempresas queda ben claro á vista de que:

■ Ao redor da metade das empresas galegas (49,11%) non teñen asalariados/as (50,94% en España) e un 60.% das que teñen algún non pasan de dous empregados/as (56,61% en España, 3,39 puntos menos que en Galicia).

■ As empresas que empregan a 20 ou máis traballadores/as en Galicia (4.338) supoñen un 2,26% do total de empresas galegas e as de España (86.837) son un 2,74%. O cadro 2.7 explicita a porcentaxe de empresas que teñen asalariados/as en Galicia e no Estado desde 1995. Subliñaremos que:

■ A porcentaxe de Galicia en 2006 é tres décimas superior do ano anterior e sitúase (despois da continua suba desde 1996) no maior valor da última década.

■ A porcentaxe de Galicia estivo sempre por riba da estatal desde 1998; no último ano, o diferencial é de un punto e oito décimas (dous décimas menos que no anterior).

■ Cadro 2.6

Empresas, por estrato de asalariados/as e provincias. Galicia/España. 2003-2006

		Sen asalariados/as	de 1 a 2 asalariados/as	de 3 a 5 asalariados/as	de 6 a 9 asalariados/as	de 10 a 19 asalariados/as	de 20 a 49 asalariados/as	de 50 a 99 asalariados/as	de 100 a 199 asalariados/as	de 200 a 499 asalariados/as	de 500 a 999 asalariados/as	de 1.000 a 4.999 asalariados/as	de 5.000 ou máis asalariados/as
A Coruña	2003	37.609	20.205	7.152	3.042	2.097	1.137	284	120	70	15	16	1
	2004	38.746	21.431	7.550	3.197	2.202	1.180	281	128	60	16	17	1
	2005	39.898	22.185	7.643	3.300	2.215	1.237	297	142	71	16	18	1
	2006	40.666	23.064	7.937	3.380	2.288	1.250	323	155	73	15	18	1
Lugo	2003	11.159	7.178	2.290	923	528	251	37	20	8	1	1	0
	2004	10.914	7.384	2.357	962	522	261	42	24	7	5	1	0
	2005	11.234	7.541	2.455	965	552	297	44	23	7	3	1	0
	2006	11.491	7.631	2.681	1.013	572	309	49	22	7	4	1	0
Ourense	2003	11.356	6.368	2.096	870	523	246	63	21	10	6	1	0
	2004	11.432	6.707	2.224	863	532	257	63	23	10	5	2	0
	2005	11.498	6.872	2.278	899	512	284	68	25	9	4	3	0
	2006	11.646	7.054	2.291	920	546	270	72	25	12	3	4	0
Pontevedra	2003	27.598	17.891	6.467	2.944	1.951	1.088	256	104	54	10	9	1
	2004	28.339	19.279	7.179	3.154	2.063	1.113	257	112	55	10	9	1
	2005	29.071	19.863	7.178	3.235	2.118	1.207	260	112	61	10	9	1
	2006	30.308	20.778	7.505	3.352	2.181	1.246	289	109	63	9	8	1
Galicia	2003	87.722	51.642	18.005	7.779	5.099	2.722	640	265	142	32	27	2
	2004	89.431	54.801	19.310	8.176	5.319	2.811	643	287	132	36	29	2
	2005	91.701	56.461	19.554	8.399	5.397	3.025	669	302	148	33	31	2
	2006	94.111	58.527	20.414	8.665	5.587	3.075	733	311	155	31	31	2
España	2003	1.459.938	760.515	285.651	136.679	93.823	51.619	13.486	6.402	3.540	878	550	78
	2004	1.500.396	818.149	303.783	143.417	98.245	53.267	13.470	6.650	3.590	945	592	79
	2005	1.574.166	850.367	310.787	145.443	100.211	56.260	14.394	7.003	3.817	967	630	84
	2006	1.616.883	881.748	328.820	154.635	105.470	58.725	15.087	7.367	3.908	999	658	93

Elaboración propia

Fonte: INE, DIRCE


**Porcentaxe de empresas que teñen asalariados/as.
Galicia/España. 1995-2006**

■ Cadro 2.7

	Galicia	España
1995	41,0	42,4
1996	41,6	42,5
1997	43,3	43,3
1998	44,4	43,8
1999	46,0	44,9
2000	46,1	45,4
2001	47,7	46,7
2002	49,3	47,4
2003	49,6	48,1
2004	50,6	49,0
2005	50,6	48,6
2006	50,9	49,1

Elaboración propia

Fonte: DIRCE



O número de empresas de cada un dos estratos de asalariados/as en Galicia e España figura no cadro 2.8. Na comparanza das porcentaxes Galicia-España apréciase que a participación relativa de Galicia no total español só é maior que a correspondente á nosa poboación (6,19%) nos tramos de menos asalariados/as (1-2 e 3-5) mentres que son especialmente pequenas no estrato de máis asalariados/as e nos situados entre 100 e 1000 persoas empregadas.

■ Cadro 2.8

Número de empresas, por estrato de asalariados/as. Galicia/España. 2006

	Total empresas	Sen asalariados/as	de 1 a 2 asalariados/as	de 3 a 5 asalariados/as	de 6 a 9 asalariados/as	de 10 a 19 asalariados/as	de 20 a 49 asalariados/as	de 50 a 99 asalariados/as	de 100 a 199 asalariados/as	de 200 a 499 asalariados/as	de 500 a 999 asalariados/as	de 1.000 a 4.999 asalariados/as	de 5.000 ou máis asalariados/as
Galicia	191.642	94.111	58.527	20.414	8.665	5.587	3.075	733	311	155	31	31	2
España	3.174.393	1.616.883	881.748	328.820	154.635	105.470	58.725	15.087	7.367	3.908	999	658	93
% Galicia/España	6,0	5,8	6,6	6,2	5,6	5,3	5,2	4,9	4,2	4,0	3,1	4,7	2,2

Fonte: INE, DIRCE

Unha información máis polo miúdo das empresas con asalariados/as é a que figura no cadro 2.9, que recolle a porcentaxe de empresas por estrato de asalariados/as en Galicia e no Estado nos últimos seis anos. Compróbase que en 2006 só no primeiro estrato -de un a dous asalariados/as- as empresas galegas superan en porcentaxe ás do total do estado, dous décimas menos no segundo e vaise abrindo a diferenza (en termos relativos) a prol de España nos catro estratos seguintes a medida que vai subindo o tamaño do cadro de persoal.

■ Cadro 2.9


Porcentaxe de empresas. Por estrato de asalariados/as ⁽¹⁾. Galicia/España. 2000-2006

	Galicia						España					
	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis
2000	59,5	21,1	8,7	6,1	3,4	1,2	56,6	20,9	9,2	7,2	4,2	1,9
2001	59,3	20,9	9,3	6,0	3,2	1,3	56,0	21,0	10,2	7,0	3,9	1,9
2002	59,0	21,1	9,3	6,0	3,3	1,3	55,8	21,1	10,2	7,0	3,9	1,7
2003	59,8	20,8	9,0	5,9	3,2	1,3	56,2	21,1	10,1	6,9	3,8	1,9
2004	59,9	21,1	8,9	5,8	3,1	1,2	56,7	21,1	9,9	6,8	3,7	1,8
2005	60,1	20,8	8,9	5,7	3,2	1,3	57,1	20,9	9,8	6,7	3,8	1,8
2006	60,0	20,9	8,9	5,7	3,2	1,3	56,6	21,1	9,9	6,8	3,8	1,8

Elaboración propia, a partir dos datos do DIRCE

(1) Calculado sobre o total de empresas que teñen algún asalariado/a

Porcentaxe de empresas por estrato de asalariados/as en 2006



2.3. Situación económico-financiera das empresas galegas. A participación salarial

A información do tecido produtivo galego baseada no DIRCE que vimos no anterior epígrafe complementarémola coa subministrada polo Instituto Galego de Estatística na *Central de Balances de Galicia*. Focalizaremos especialmente a evolución do peso relativo dos salarios na economía galega, tanto cos datos do IGE coma cos proporcionados polo INE.

A *Central de Balances de Galicia* é un sistema de información de base empresarial que xestiona unha mostra do tecido produtivo galego: o seu punto de partida son os datos do *Balance* e máis da *Conta de Resultados* tal como foron depositadas ao entregar as *Contas Anuais* nos Rexistros Mercantís da nosa comunidade autónoma. É un instrumento importante para o estudo da evolución económico-financiera das empresas que presentan as súas *contas anuais* en Galicia; complementa a información de base rexistral coa aportada voluntariamente por empresas e a procedente doutras fontes (como as empresas certificadores de calidade).

O achegamento á situación económico-financiera do tecido empresarial galego realízámolo cos datos do estudo que realiza o IGE na *Central de Balances Trimestral*: no panel de empresas que forman a mostra heteroxénea estudada ofrécense datos referentes á súa actividade, investimento, financiamento, emprego, produtividade e rendibilidade.

No cadro 2.10 recollemos a evolución e estrutura da conta de explotación da mostra de empresas no último trienio. Sobrancearemos que neste período esa mostra vai sendo cada vez menor: das 349 empresas do último trimestre en 2004 pasouse ás 143 empresas de idéntico trimestre en 2006.

Non facilita precisamente o labor de extraer conclusións da evolución destas variables o feito de que o tamaño da mostra empresarial non sexa o mesmo en cada ano (e menos aínda cando o tamaño desa mostra é diferente nun mesmo ano para o resultado económico bruto de explotación que para o resultado financeiro ou para o resultado neto); na estrutura da conta de explotación do ano 2006 subliñaremos que os gastos de persoal representaron un 12% do total dos consumos de explotación das empresas analizadas (cando en 2004 supoñían un 13,76%).

**Evolución e estrutura da conta de explotación ⁽¹⁾.
Galicia. 2004-2006**

■ Cadro 2.10

	2004	2005	2006
Ingresos de explotación (+)	18.285,34	11.552,73	9.923,25
Consumos de explotación (-)	14.372,39	8.872,01	8.035,67
VEB c.f. (=)	3.912,96	2.680,73	1.887,58
Gastos de persoal (-)	1.977,66	1.370,48	
Soldos, salarios e asimilados	1.508,74	1.020,64	692,20
Cargas sociais	468,92	349,84	273,69
Rdo. Econ. Bruto de explotación (=)	1.935,30	1.310,25	921,69
Número de empresas	340,00	239,00	141,00
Rdo. Financeiro	244,91	39,94	-46,27
Número de empresas	347,00	236,00	140,00
Rdo. Neto do exercicio	1.322,97	588,23	570,68

(1) Datos do 4º trimestre dunha mostra de empresas (349, 244 e 143 nos anos 2004, 2005 e 2006 respectivamente). En millóns de euros.

Fonte: IGE, Central de Balances Trimestral.

Os datos doutra fonte estatística oficial (o INE) reflicten, no tocante á distribución funcional da renda, que os ingresos salariais están a pesar desde o ano 2000 cada vez menos na xeración da riqueza de Galicia: supoñen un 46,2% do PIB de Galicia en 2005, cando en 2000 acadaban un 48,5%, mentres que as rendas empresariais, pola contra, pasaron de supor un 41,4% en 2000 a un 42,9% en 2005. Parella evolución deuse no conxunto do Estado, pois nese mesmo período a participación salarial pasou do 49,5% ao 46,8%.

¿Por qué o importante crecemento do emprego dos últimos anos non se está a reflectir da ganancia de peso relativo dos ingresos salariais na distribución funcional da renda en Galicia nin no conxunto do estado?. Entre os factores explicativos desta evolución minguan da parte da “tarta” que vai ás persoas asalariadas (en principio paradoxal cando nese período creceu moito o seu número) pensamos que se deben ter en conta os seguintes:

■ A suba da ocupación nos últimos anos foi especialmente forte en ramas económicas cun menor valor engadido bruto por persoa empregada.

■ A elevadísima eventualidade laboral das persoas asalariadas en Galicia (e tamén no total estatal), que afecta a un tercio e triplica a media da Unión Europea; certamente non podemos falar aínda de “homologación europea” neste importante indicador sociolaboral.

■ A importante incorporación (no período focalizado) de inmigrantes á economía galega (e á española aínda con maior intensidade), as máis das veces en postos de traballo de baixa cualificación profesional, situados na parte baixa dos tramos salariais.

■ O progresivo avellentamento da poboación (máis intenso en Galicia que na media estatal) que, unido ao frecuente uso das “prexubilacións”, fai que abandonen o mercado de traballo persoas moito mellor remuneradas que as que acceden a el. E isto non se produce tan só porque as novas incorporacións á vida laboral non cobren incentivos salariais vencellados directamente á antigüidade na empresa (trienios, sexenios, etc..) ou pola suba salarial derivada dos ascensos conseguidos na súa carreira laboral polas persoas que se xubilan ou “prexubilan”, senón tamén pola grande

diferenza de soldos que, nun mercado “dual” como o hoxe existente, se dá entre os que levan décadas no mercado laboral e os que acceden a el por vez primeira (maioritariamente con contratos temporais).

■ A suba salarial cada vez se distancia máis da evolución real do custo da vida. Co actual xeito de cálculo do IPC (en Galicia e no conxunto do estado) este indicador exclúe unha variable fundamental no gasto de moitas familias galegas, que ademais tivo unha fortísima suba na última década (e de peso crecente na actualidade a medida que o *euribor* segue a crecer): o gasto na compra de vivenda.

De ser ter en conta o prezo das vivendas para o cálculo do IPC (como ocorre noutros países desenvolvidos) a suba salarial debería ser bastante maior se o obxectivo é alomenos conservar o poder adquisitivo das persoas traballadoras... e superior aínda para conseguir un obxectivo irrenunciable no estado do benestar: a mellora da calidade de vida das perdoas traballadoras. Unha investigación do economista Anxo Vence para o ano 2004 concluíu que a suba salarial debería ter sido nese ano dun 6% para que quedase parella co crecemento real dos prezos.

O cadro 2.11 reflicte a evolución e a estrutura patrimonial da mostra heteroxénea de empresas da *Central de Balances Trimestral de Galicia* no último trienio. Cómpre que as persoas interesadas na súa análise polo miúdo teñan en conta que neste período esa mostra vai sendo cada vez menor: das 349 empresas do último trimestre en 2004 pasouse ás 237 no cuarto trimestre de 2005 e ás 143 empresas de idéntico trimestre en 2006.

Evolución e estrutura patrimonial. Galicia. 2004-2006

■ Cadro 2.11

	2004	2005	2006
I). Activo fixo	10.820,73	7.027,36	3.415,94
Accionistas desembolsos non esixidos	1,51	0,75	0,01
Inmobilizado	10.819,22	7.026,61	3.415,93
Inmobilizacións inmateriais	446,89	333,32	234,79
Inmobilizacións materiais	7.540,12	5.092,50	2.175,46
Outro Inmobilizado	2.832,21	1.600,79	1.005,68
II). Activo circulante	9.918,44	4.707,19	3.919,76
Activo total	20.739,17	11.734,55	7.335,70
I). Pasivo fixo	13.001,30	7.114,01	3.515,37
Recursos propios	8.228,84	3.654,42	2.062,77
Acredores a l/p	4.171,59	2.946,08	1.119,67
Provisións para riscos e gastos l/p	600,87	513,51	332,93
II). Pasivo circulante	7.737,86	4.620,54	3.820,32
Pasivo total	20.739,16	11.734,55	7.335,69

(1) Datos do 4º trimestre dunha mostra de empresas (349,237 e 143 nos anos 2004, 2005 e 2006, respectivamente). En millóns de euros.

Fonte: IGE, Central de Balances Trimestral.

No cadro 2.12 presentamos información cualitativa da evolución trimestral do sector industrial galego de acordo coas opinións do empresariado desde o segundo trimestre de 2004, sintetizadas no *indicador de confianza industrial*, que se calcula como media dos saldos netos das opinións empresariais sobre tres variables: nivel trimestral da carteira de pedidos, nivel trimestral de inventarios (cambiado de signo) e nivel de produción previsto para o trimestre seguinte.

**Evolución do indicador de confianza industrial (ICI).
2004-2006 (Mostra heteroxénea)**

■ Cadro 2.12

Período	ICI	Nº empresas
4T-2004	8,46	144,00
1T-2005	3,41	135,00
2T-2005	6,86	126,00
3T-2005	0,49	121,00
4T-2005	7,83	112,00
1T-2006	13,86	103,00
2T-2006	1,59	96,00
3T-2006	7,56	90,00
4T-2006	9,26	80,00

Fonte: IGE. Central de Balances Trimestral

Subliñaremos no ano 2006 a importante recuperación do *indicador de confianza industrial* no primeiro trimestre (no que rexistrou o mellor dato desde o terceiro trimestre de 2004), a forte caída no trimestre seguinte e a recuperación no segundo semestre. Cómpre ter en conta tamén neste indicador que no período analizado a mostra de empresas vai sendo cada vez menor: das 149 empresas do segundo trimestre de 2004 pasouse ás 80 do último trimestre de 2006. A *Central de Balances Trimestral* desapareceu precisamente cos datos do cuarto trimestre de 2006, despois do progresivo esmorecemento pola importante caída no último trimestre da mostra de empresas na que se baseaba.

2.4. Análise de enquisas industriais

Neste epígrafe referirémonos aos datos que sobre o noso sector industrial figuran en tres enquisas industriais elaboradas polo INE (*de empresas*, *de produtos* e *de opinións dos empresarios* da industria) elaboradas polo INE.

2.4.1. Enquisa industrial de empresas

A *Enquisa Industrial de Empresas* proporciona unha información interesante para o estudo das características dos distintos sectores da actividade industrial -nos niveis estatal e autonómico- e intégrase no proxecto europeo de estatísticas estruturais das empresas; os últimos datos proporcionados polo INE son do ano 2005.

No cadro 2.13 presentamos a participación de cada comunidade autónoma na cifra de negocios total estatal; sobrancean Cataluña (24,5%), Madrid (11,4%) e C. Valenciana (10,4%), Andalucía (10%) e País Vasco (9,4%); conxuntamente, supoñen case dous terzos (un 65,7%) da cifra de negocios total do sector industrial en España.

A participación galega no agregado estatal do ano 2005 (6%) é idéntica que a do ano anterior e con ela Galicia queda en sétima posición entre as comunidades autónomas.

■ Cadro 2.13

Cifra de negocios por comunidades autónomas. 2005 ⁽¹⁾

	2004	% sobre o total	2005	% sobre o total
Andalucía	46.331.187	9,4	54.080.030	10,0
Aragón	22.871.302	4,6	24.132.770	4,5
Asturias	11.440.122	2,3	13.189.414	2,4
Baleares	3.520.839	0,7	4.182.095	0,8
Canarias	6.918.135	1,4	7.748.739	1,4
Cantabria	6.662.555	1,3	7.412.195	1,4
Castela e León	29.893.121	6,0	32.343.413	6,0
Castela A Mancha	20.274.967	4,1	22.783.837	4,2
Cataluña	123.951.082	25,0	132.420.824	24,5
C. Valenciana	53.720.779	10,8	55.970.908	10,4
Extremadura	4.535.722	0,9	5.705.942	1,1
Galicia	29.489.069	6,0	32.472.229	6,0
Madrid	56.382.181	11,4	61.568.814	11,4
Murcia	12.036.184	2,4	13.469.165	2,5
Navarra	16.031.785	3,2	17.010.087	3,1
País Vasco	46.531.650	9,4	50.933.680	9,4
A Ríoxa	4.775.753	1,0	5.014.622	0,9
España	495.366.433	100	540.438.764	100

(1) En miles de euros

Fonte: INE, "Encuesta industrial de empresas"

No cadro 2.14 podemos ver que nas tres variables analizadas o peso relativo de Galicia no total estatal en 2005 estivo no intervalo do 6% ao 6,3%, sendo (como en todos os anos do cadro) o máis baixo o da cifra de negocios e o máis alto o das horas traballadas; as tres variables quedan en 2005 nun nivel algo maior que a porcentaxe do total de empresas galegas no conxunto do Estado nese ano (6,1% a I-I-2005) e dúas delas presentan un peso relativo idéntico ao que representa a participación da poboación galega no total estatal (6,3% a I-I-2005) .

Ese mesmo cadro permite unha visión dinámica da participación de Galicia no total estatal nesas tres variables de 2001 a 2005; subliñaremos os seguintes aspectos:

■ En 2005 subiu a importancia relativa de Galicia no conxunto estatal en dúas variables (as *persoas ocupadas* e as *horas traballadas*) e repetiu porcentaxe na *cifra de negocios*.

■ A análise comparativa dos datos de 2001 e 2005 reflicte que aumentou a participación galega no total español nese cuadrienio nas tres variables, facéndoo con maior intensidade nas *persoas ocupadas*.

No cadro 2.15 presentamos a desagregación por *agrupacións de actividade* dos datos de dúas variables en Galicia (a *cifra de negocios* e os *gastos de persoal*) coa finalidade de permitir ás persoas que o desexen afondar no estudo da nosa estrutura industrial.

Evolución do peso de Galicia no total estatal nas principais variables da industria ⁽¹⁾. 2001-2005

■ Cadro 2.14

	Persoas ocupadas	Horas traballadas	Cifra de negocios
2001	6,0	6,1	5,8
2002	6,2	6,3	6,2
2003	6,2	6,2	6,1
2004	6,1	6,2	6,0
2005	6,3	6,3	6,0

Elaboración propia

(1) Datos en porcentaxe de Galicia sobre o total de España

Fonte: INE, "Encuesta industrial de empresas"

■ Cadro 2.15

Principais variables económicas. Por agrupacións de actividade. Galicia 2004-2005

Agrupación	Importe neto da cifra de negocios ⁽¹⁾		Gastos de persoal ⁽¹⁾	
	2004	2005	2004	2005
1 CNAE: 10, 11, 12, 13, 14, 23. Industrias extractivas e do petróleo, enerxía e auga	4.623.995	5.911.609	323.260	335.389
2 CNAE: 15, 16. Alimentación, bebidas e tabaco	5.586.895	6.230.028	532.173	577.214
3 CNAE: 17, 18, 19. Industria téxtil, confección, coiro e calzado	1.681.018	1.850.627	298.093	311.897
4 CNAE: 20. Madeira e cortiza	1.685.345	1.856.650	218.962	249.015
5 CNAE: 21, 22. Papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	815.288	911.767	172.182	203.226
6 CNAE: 24. Industria química	1.078.404	1.148.483	94.477	112.486
7 CNAE: 25. Caucho e materias plásticas	657.997	725.500	107.100	108.463
8 CNAE: 26. Produtos minerais non metálicos diversos	1.476.610	1.517.433	285.992	310.714
9 CNAE: 27, 28. Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	3.573.291	3.892.068	558.382	608.400
10 CNAE: 29. Maquinaria e equipo mecánico	859.566	894.585	193.538	207.827
11 CNAE: 30, 31, 32, 33. Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	535.174	671.544	95.706	113.437
12 CNAE: 34, 35. Material de transporte	6.353.784	6.235.440	804.772	796.260
13 CNAE: 36, 37. Industrias manufactureiras diversas	561.701	626.496	108.262	115.988
Total Industria	29.489.068	32.472.230	3.792.899	4.050.316

(1) En miles de euros.

Fonte: INE, "Encuesta industrial de empresas"

2.4.2. Enquisa industrial de produtos

Esta enquisa proporciona datos desde 1993, ano no que comezou España o seu proceso de adaptación ao Regulamento PRODCOM (PRODucción COMunitaria) relativo á harmonización das estatísticas sobre a produción industrial nos países da UE; inclúe unha lista de produtos industriais (uns 5.000) de xeito harmonizado coa clasificación que se fai a efectos de comercio exterior na UE, para facilitar a comparación de datos de produción industrial cos obtidos nas estatísticas de comercio exterior. A estatística, a partir do ano 2005, está baseada (no tocante aos bens) na nomenclatura de comercio exterior da Unión Europea (a NC ou Nomenclatura Combinada, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2005).

O cadro 2.16 recolle o valor da produción comercializada polas distintas comunidades autónomas en 2006. Sobrancea a concentración xeográfica en cinco comunidades (Cataluña, Andalucía, C. Valenciana, País Vasco e Madrid) que axuntan case dúas terceiras partes (un 64%) do importe total das vendas do Estado. Galicia ocupa a sexta posición (a seguinte ás cinco comunidades citadas) e creceu no último ano 3,6 puntos porcentuais por riba da media estatal. Na última columna dese cadro pode apreciarse a clasificación de maior a menor suba das diferentes comunidades, que constata que Galicia quedou en segunda posición no ano 2006, moi por riba do crecemento doutras comunidades que comparten con nós o feito de estaren por baixo do PIB por habitante medio da UE-25 (como Castela-León, Estremadura ou Murcia).

■ Cadro 2.16

Ventas por CCAA. 2006

	Millóns de euros	% respecto ao total	%variación 2005/2004
Asturias	11.291	2,7	17,1
Galicia	27.955	6,7	12,9
Aragón	19.618	4,7	12,6
País Vasco	43.289	10,4	12,0
Castela A Mancha	18.776	4,5	11,6
Andalucía	46.868	11,2	10,3
Cataluña	98.937	23,7	9,7
C. Valenciana	43.661	10,5	8,7
Madrid	34.382	8,2	8,3
Murcia	10.756	2,6	8,2
Canarias	6.015	1,4	7,7
Cantabria	5.549	1,3	6,3
Illas Baleares	2.121	0,5	5,3
Estremadura	3.767	0,9	4,5
Navarra	13.582	3,3	2,5
Castela e León	26.599	6,4	1,3
A Ríoxa	3.982	1,0	0,4
España	417.148	100,0	9,3

Fonte: INE, "Encuesta industrial de productos"

A visión dinámica a longo prazo da participación relativa de Galicia no importe total estatal da produción comercializada figura no cadro 2.17; despois da suba continuada do período 1998-2003, Galicia baixou no bienio seguinte a súa porcentaxe e tivo unha forte suba en 2006, até chegar ao 6,7%, o mellor dato dos doce anos e por riba da nosa participación relativa en poboación, número de empresas ou PIB.

■ Cadro 2.17

Evolución do peso de Galicia no total estatal da produción comercializada ⁽¹⁾. 1995-2006

	% Galicia / España
1995	5,2
1996	5,3
1997	5,2
1998	5,5
1999	5,8
2000	6,1
2001	6,3
2002	6,5
2003	6,6
2004	6,5
2005	6,4
2006	6,7

Elaboración propia

(1) Lista de produtos PRODCOM


Fonte: INE, "Encuesta industrial de productos

No cadro 2.18 presentamos a desagregación por *grandes agrupacións* do valor da produción comercializada galega. Constátase que tres apartados (*material de transporte*, *alimentación, bebidas e tabaco* e *refino de petróleo*) seguen a concentrar en 2006 máis da metade (52%) do valor da produción comercializada de Galicia (da lista PRODCOM).

Cadro 2.18
**Valor da produción comercializada ⁽¹⁾ .
Por grandes agrupacións. Galicia. 2006**

CNAE		Miles euros	%
15-16	Alimentación, bebidas e tabaco	4.834.745	17,3
17-18	Téxtil e confección	1.452.209	5,2
19	Coiro e calzado	53.491	0,2
20	Madeira e cortiza	1.175.796	4,2
21-22	Papel, artes gráficas e edición	659.456	2,4
23-24	Coquerías, refino de petróleo e químicas	2.942.288	10,5
25	Manufacturas de caucho e plástico	652.357	2,3
26	Produtos minerais non metálicos	1.208.233	4,3
27	Produción, 1ª transformación e fundición de metais	2.142.951	7,7
28	Produtos metálicos	1.852.588	6,6
29-30-33	Maquinaria e equipo, óptica e similares	750.310	2,7
31-32	Material eléctrico e electrónico	1.052.194	3,8
34-35	Material de transporte	6.768.430	24,2
36	Outras industrias manufactureiras	620.337	2,2
40	Energía eléctrica, gas e vapor	1.789.557	6,4
Total Galicia		27.954.942	100

Fonte: INE, Enquisa industrial anual de produtos



O cadro 2.19 amosa a comparanza da estrutura produtiva do tecido industrial galego coa estatal no último cuadrienio: nel figura a desagregación *por grandes agrupacións* en Galicia e no total de España. As porcentaxes de produción comercializada en Galicia e España que figuran neste cadro refloten o maior peso relativo na estrutura industrial de Galicia dos apartados de *material de transporte* (10,7 puntos por riba do peso relativo estatal) e *téxtil* (un 67% por riba da porcentaxe estatal), mentres que nos apartados de *maquinaria e equipo* ou *coiro e calzado* a porcentaxe galega é respectivamente a terceira e a oitava parte da estatal.

■ Cadro 2.19

**Porcentaxe da produción comercializada ⁽¹⁾ . Por grandes agrupacións.
Galicia e España. 2003-2006**

CNAE	2003		2004		2005		2006	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
15-16 Alimentación, bebidas e tabaco	19,7	18,3	19,1	18,5	17,8	17,7	17,1	17,3
17-18 Téxtil e confección	4,7	3,9	4,9	3,5	3,0	5,0	2,7	5,2
19 Coiro e calzado	0,1	1,2	0,2	1,0	0,8	0,1	0,7	0,2
20 Madeira e cortiza	4,5	1,8	4,3	1,8	1,7	4,3	1,7	4,2
21-22 Papel, artes gráficas e edición	2,5	6,0	2,5	5,8	5,4	2,5	5,3	2,4
23.2-24 Refino de petróleo e químicas	8,1	12,8	8,9	13,5	14,6	10,4	15,1	10,5
25 Manufacturas de caucho e plástico	3,1	4,2	3,1	4,1	4,1	2,8	4,0	2,3
26 Produtos minerais non metálicos	4,5	6,4	4,6	6,2	6,3	4,4	6,5	4,3
27 Producción, 1ª transformación e fundición de metais	5,9	5,4	7,0	6,2	6,5	7,4	7,4	7,7
28 Produtos metálicos	5,9	7,2	6,2	7,4	7,4	6,2	7,7	6,6
29-30-33 Maquinaria e equipo, óptica e similares	2,5	7,5	2,6	7,3	7,0	2,6	6,9	2,7
31-32 Material eléctrico e electrónico	3,5	4,3	3,9	4,4	4,3	3,8	4,7	3,8
34-35 Material de transporte	28,5	15,5	27,1	14,8	13,7	24,4	13,5	24,2
36 Outras industrias manufactureiras	1,6	3,2	1,3	3,1	2,9	1,5	2,8	2,2
40 Enerxía eléctrica, gas e vapor	5,0	2,6	4,3	2,5	4,5	6,8	4,1	6,4
Total	100	100	100	100	100	100	100	100

Elaboración propia

(1) Lista de produtos PRODCOM

Fonte: INE, Enquisa industrial de produtos

O cadro 2.20 é moi axeitado para a comparanza da especialización da estrutura industrial de Galicia coa estatal no último quinquenio, xa que amosa a estrutura produtiva do tecido industrial galego en porcentaxe de cada agrupación en Galicia sobre o total de España.

Catro agrupacións sobrancean moi especialmente no ano 2006 na nosa comunidade polo maior peso relativo na nosa estrutura industrial respecto da media estatal: *madeira-cortiza* (16,5%), *téxtil* (12,9%), *material de transporte* (12%), e *enerxía eléctrica* (10,6%), cada unha delas moi por riba da porcentaxe galega no total da produción comercializada de España.

Cadro 2.20
Sectorización por grandes agrupacións ⁽¹⁾ . % Galicia/España. 2002-2006

CNAE	2002	2003	2004	2005	2006
15-16 Alimentación, bebidas e tabaco	6,8	7,1	6,8	6,5	6,8
17-18 Têxtil e confección	7,3	8,0	9,2	10,8	12,9
19 Coiro e calzado	0,4	0,4	1,0	1,1	1,7
20 Madeira e cortiza	17,0	16,4	16,1	16,3	16,5
21-22 Papel, artes gráficas e edición	2,9	2,8	2,8	2,9	3,0
23.2-24 Refino de petróleo e químicas	4,4	4,2	4,3	4,6	4,7
25 Manufacturas de caucho e plástico	4,6	4,9	4,9	4,5	3,9
26 Produtos minerais non metálicos	4,8	4,7	4,8	4,6	4,4
27 Produción, 1ª transformación e fundición de metais	7,0	7,3	7,3	7,4	7,0
28 Produtos metálicos	4,6	5,5	5,5	5,4	5,8
29-30-33 Maquinaria e equipo, óptica e similares	2,4	2,2	2,4	2,4	2,6
31-32 Material eléctrico e electrónico	4,2	5,4	5,8	5,7	5,4
34-35 Material de transporte	13,1	12,2	12,0	11,6	12,0
36 Outras industrias manufactureiras	3,1	3,2	2,8	3,3	5,3
40 Enerxía eléctrica, gas e vapor	11,3	12,7	11,2	10,0	10,6
Total Industria	6,5	6,6	6,5	6,4	6,7

Elaboración propia

(1) Lista de produtos PRODCOM

Fonte: INE, "Encuesta industrial de productos"

Se en cambio focalizamos as ramas da industria galega de menor peso en relación co total estatal -do listado PRODCOM- vese que en tres non superan o limiar do 3%: coiro-calzado (1,7%), maquinaria e equipo, óptica (2,6%), papel, artes gráficas e edición (3%),

No cuadrienio 2002-2006 sobrancea especialmente o continuo avance relativo (en comparanza co ocorrido no conxunto do Estado) do sector têxtil, que foi especialmente relevante no último ano, no que, por vez primeira no período analizado, a suba foi maior de dous puntos porcentuais.

2.4.3. Opinións empresariais

O cadro 2.21 recolle resumidamente as impresións dos empresarios galegos encol dalgunhas variables no conxunto do sector industrial nos últimos anos, complementando as opinións dos empresarios que xa recolleemos ao analizar os datos proporcionados polo IGE a través da Central de Balances (noutro epígrafe deste mesmo capítulo).

Analizamos a continuación separadamente os cinco apartados dese cadro:

1) A previsión de **utilización da capacidade produtiva** total da industria estivo no cuarto trimestre do último ano no 85,5% e quedou na mellor posición no período analizado, despois do avance experimentado no último bienio.

2) No tocante á demanda, a variable "**carteira de pedimentos**" amosa a diferenza existente entre a porcentaxe de respostas que indicaron que era elevada e as que sinalaron que era débil. Ao remate do ano 2006 quedou na segunda mellor posición do período estudado e trala espectacular mellora do último bienio (31,1 puntos) case acadou o nivel de decembro de 2003 (que segue a ser o maior do último sexenio).

3) En canto aos **stocks de produtos rematados**, as respostas da enquisa constatan a diferenza entre a porcentaxe de respostas que sinalan que o nivel é excesivo e as que sinalan que é insuficiente. A positiva evolución desta variable no último ano deixouna nunha situación moito mellor que calquera dos tres anos anteriores (e co segundo mellor valor do sexenio analizado).

4) A **tendencia da produción** representa a diferenza porcentual entre os que responden que aumentará e os que responden que diminuírá. No cadro comprobamos que este índice mellorou ininterrompidamente no último trienio e quedou en decembro de 2006 na segunda mellor posición do período estudado (aunque moi lonxe do dato de decembro de 2003).

5) A **previsión empresarial da tendencia do emprego** mellorou notablemente no ano 2006 respecto do ano anterior (rachando co deterioro progresivo do bienio 2004-2005) e quedou co mellor dato de todo o sexenio.

■ **Cadro 2.21** **Opinións empresariais. Total sector industrial (sen construción). Galicia. 2001-2006**

Total sector industrial	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Grao utilización actual (%) ⁽¹⁾	76,5	81,6	81,2	80,2	82,6	85,5
Carteira de pedimentos	-8	7	17,5	-14,3	9,6	16,8
Stocks da produción	-3	-14	14,7	0,5	2,7	-8,7
Tendencia da produción	-39	-12	20,8	2,4	3,6	8,5
Tendencia do emprego	-27	-14	12,0	10,0	4,0	14,0

(1) Datos do 4º trimestre nesta variable e de decembro nas outras catro

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Enquisa de conxuntura industrial

2.5. Enquisas do sector servizos

A *terciarización* das economías máis desenvolvidas é un trazo fundamental hoxendía en calquera país; achegarémonos a dúas das actividades que máis importancia teñen neste sector de servizos: comercio e turismo.

O cadro 2.22 reflote un crecemento importante do comercio polo miúdo galego no último ano (3,9%), que contrasta co pequeno avance do bienio anterior; o *índice xeral do comercio polo miúdo* en termos constantes (é dicir, eliminando o “efecto prezos”) tivo unha suba do 4,2% no último bienio.

O cadro 2.23 sobrancea que a variación do emprego no comercio polo miúdo (sexa asalariado ou non) creceu en 2006 en Galicia un 2,7% mentres que o *índice de ocupación* no comercio polo miúdo (que amosa a evolución do emprego, sexa asalariado ou non) subiu no bienio último un 5,5%.

■ Cadro 2.22

Índices de comercio polo miúdo. Por comunidades autónomas. 2004-2006

	Índice			% variación ⁽¹⁾		
	2004	2005	2006	2004	2005	2006
Andalucía	118,7	119,2	124,5	2,9	0,5	4,4
Aragón	124,5	125,1	126,9	2,6	0,4	1,5
Asturias	121,6	125,2	127,8	-0,6	3,0	2,1
Baleares	98,7	98,8	98,6	2,7	0,1	-0,2
Canarias	136,7	134,4	138,5	1,7	-1,7	3,0
Cantabria	118,6	120,2	124,7	2,5	1,3	3,8
Catela e León	116,6	118,8	119,8	1,7	1,8	0,9
Castela A Mancha	117,5	123,8	125,9	5,5	5,4	1,7
Cataluña	126,2	126,7	130,1	3,1	0,5	2,6
Comunidade Valenciana	122,3	121,7	126,2	4,3	-0,5	3,7
Estremadura	123,0	122,4	127,7	1,6	-0,6	4,3
Galicia	119,2	119,5	124,1	1,1	0,3	3,9
Madrid	126,7	128,9	136,9	1,3	1,7	6,3
Murcia	122,5	121,5	130,4	5,8	-0,8	7,3
Navarra	124,0	126,5	123,8	2,3	2,0	-2,2
País Vasco	124,5	128,3	126,8	3,1	3,1	-1,2
A Rioxa	129,7	126,7	126,2	1,2	-2,3	-0,4
Ceuta	119,6	116,2	121,3	-6,5	-2,8	4,3
Melilla	115,0	117,7	126,4	5,2	2,4	7,3

(1) Decembro sobre decembro do ano anterior.
Fonte: INE, "Índices de comercio al por menor"

■ Cadro 2.23

Índice de ocupación. Por comunidades autónomas. 2004-2006

	Índice			% variación		
	2004	2005	2006	2004	2005	2006
Andalucía	100,9	102,7	102,2	—	1,7	-0,5
Aragón	101,3	101,6	103,6	—	0,3	2,0
Asturias	101,3	102,7	103,4	—	1,4	0,8
Baleares	98,5	99,6	98,3	—	1,2	-1,3
Canarias	103,7	103,3	105,2	—	-0,3	1,8
Cantabria	99,6	102,0	106,6	—	2,4	4,5
Catela e León	101,7	101,3	103,0	—	-0,4	1,7
Castela A Mancha	98,9	101,3	104,7	—	2,5	3,4
Cataluña	99,8	102,8	102,0	—	3,0	-0,8
Comunidade Valenciana	100,4	102,6	103,4	—	2,2	0,8
Estremadura	102,2	102,0	103,9	—	-0,1	1,8
Galicia	99,4	102,2	104,9	—	2,8	2,7
Madrid	101,5	102,9	106,9	—	1,4	3,9
Murcia	99,5	102,4	111,3	—	2,9	8,8
Navarra	99,1	104,0	104,7	—	4,9	0,7
País Vasco	99,8	101,2	102,6	—	1,4	1,4
A Rioxa	101,1	101,3	101,1	—	0,2	-0,2
Ceuta	98,9	101,6	101,6	—	2,7	0,0
Melilla	100,8	100,9	105,0	—	0,1	4,1

Índices de decembro de cada ano e variación de decembro sobre decembro do ano anterior. Base 2005
Fonte: INE, "Índices de comercio al por menor"

O achegamento ao comportamento do sector turístico galego comezarémolo ao fío do cadro 2.24, que explicita o número de viaxeiros e máis de pernoctacións no ano 2006 con datos procedentes da *Enquisa de Ocupación Hoteleira*. Sobrancearemos que:

■ A participación de Galicia no total de viaxeiros/as foi no último ano do 4,4% (seis décimas menos que no ano anterior); ascendeu ao 6,2% entre os viaxeiros/as residentes en España e quedou nun 1,9% para os/as residentes no estranxeiro.

■ A porcentaxe de pernoctacións en Galicia no ano 2006 supuxo tan só un 2,9% das que houbo en toda España (dúas décimas por baixo do valor do ano anterior).

■ A estancia media dos viaxeiros/as en Galicia (2,15 días) foi practicamente a mesma do ano anterior (en concreto, unha décima máis) e tan só un 66% da media española (aunque cun avance de cinco puntos nesta porcentaxe respecto da de 2005). Resulta especialmente baixa a estancia media nas dúas provincias con menor grao de desenvolvemento económico-social: Ourense (1,87 días) e Lugo (1,72 días).

■ Cadro 2.24

Viaxeiros, pernoctacións e estancia media Por comunidades autónomas. 2006

	Número de viaxeiros			Número de pernoctacións	Estancia media
	Total	Residentes en España	Residentes no estranxeiro		
Andalucía		9.605.045	5.921.892	43.833.629	3,25
Aragón		1.811.749	318.231	4.386.121	2,06
Asturias		1.363.641	159.704	3.282.070	2,15
Baleares		1.706.207	6.682.700	51.972.693	6,20
Canarias		2.349.419	4.525.643	47.160.493	6,86
Cantabria		1.013.370	170.792	2.802.136	2,37
Catela e León		3.528.157	746.885	7.240.282	1,69
Castela A Mancha		1.788.244	306.416	3.628.431	1,73
Cataluña		6.356.998	7.964.585	41.938.025	2,93
Comunidade Valenciana		5.293.639	2.391.491	24.844.725	3,23
Estremadura		971.946	137.371	2.004.602	1,81
Galicia		2.946.206	657.080	7.755.524	2,15
Madrid		5.232.144	3.419.747	16.504.744	1,91
Murcia		938.924	217.940	2.624.247	2,27
Navarra		605.499	146.992	1.443.494	1,92
País Vasco		1.485.787	623.749	3.957.874	1,88
A Ríoxa		449.593	74.784	942.698	1,80
Ceuta		55.174	15.899	140.413	1,98
Melilla		37.472	10.507	125.995	2,63
España		47.539.209	34.492.406	266.588.182	3,25

Fonte: INE, "Encuesta de Ocupación Hotelera"

O cadro 2.25 reflote a desagregación por provincias do número de viaxeiros (desagregándoos entre residentes en España ou no estranxeiro), número de pernoctacións en establecementos hoteleiros de Galicia e máis estancia media. Salientaremos que:

■ A Coruña e Pontevedra son (por este orde) as primeiras provincias por número de viaxeiros/as e de pernactacións; as dúas clasificacións péchaas Ourense.

■ Pontevedra e A Coruña, por esta orde, teñen a maior estancia media mentres que Lugo pecha esa clasificación.

No cadro 2.26 vemos que o índice que reflote a evolución no último cuadrienio dos prezos hoteleiros quedou en 2006 en Galicia tres décimas por riba da media española e tamén que Galicia pechou o ano 2006 cun crecemento dos prezos do 1,7%, por baixo da media estatal (2,1%).

■ Cadro 2.25

Viaxeiros, pernactacións e estancia media en Galicia. Por provincias. 2006

	Número de viaxeiros			Número de pernactacións	Estancia media
	Total	Residentes en España	Residentes no estranxeiro		
A Coruña	1.585.138	1.236.987	348.151	3.232.307	2,04
Lugo	481.554	413.110	68.444	829.304	1,72
Ourense	305.299	280.667	24.632	572.338	1,87
Pontevedra	1.231.293	1.015.441	215.852	3.121.572	2,54
Galicia(1)	3.603.286	2.946.206	657.080	7.755.524	2,15

(1) Información extraída do declarativo sobre totais de entradas de viaxeiros e pernactacións do mes.
Fonte: INE, "Encuesta de ocupación hotelera"

■ Cadro 2.26

Índices de prezos hoteleiros. Por comunidades autónomas. 2006

	Índice ⁽¹⁾	Taxa variación ⁽²⁾
Andalucía	109,3	1,3
Aragón	125,5	3,0
Asturias	102,1	2,0
Baleares	107,5	-0,3
Canarias	114,8	2,8
Cantabria	111,7	2,8
Catela e León	115,0	2,8
Castela A Mancha	122,7	3,6
Cataluña	118,7	1,8
Comunidade Valenciana	109,2	2,8
Extremadura	109,9	1,4
Galicia	113,2	1,7
Madrid	112,5	2,5
Murcia	113,3	1,7
Navarra	118,8	1,0
País Vasco	108,1	-0,6
A Ríoxa	117,4	4,6
Ceuta	110,9	-1,8
Melilla	92,8	-11,2
España	112,9	2,1

(1) Índice base 2002

(2) Interanual (en decembro).

Fonte: INE, "Encuesta de Ocupación Hotelera"

O cadro 2.27 permítenos o achegamento aos ingresos da actividade hoteleira, que se diferenzan dos prezos hoteleiros en que teñen en conta tamén a variación na estrutura tarifaría. Compróbase que a suba interanual ao rematar o ano 2006 foi moito menor en Galicia (1,6%) que na media estatal (2,8%); o *Índice de ingresos hoteleiros* reflote que no último cuatrienio o crecemento dos prezos hoteleiros quedou 6,1 puntos por baixo en Galicia da media estatal.

■ Cadro 2.27

Índice de ingresos hoteleiros ⁽¹⁾ . Por comunidades autónomas. 2006

	Índice ⁽¹⁾	Taxa variación ⁽²⁾
Andalucía	108,0	2,0
Aragón	135,2	5,0
Asturias	104,3	2,4
Baleares	124,6	1,7
Canarias	113,0	2,4
Cantabria	116,1	4,7
Catela e León	126,6	4,4
Castela A Mancha	125,2	4,8
Cataluña	128,8	2,7
Comunidade Valenciana	113,8	4,1
Estremadura	117,4	4,9
Galicia	112,3	1,6
Madrid	120,0	3,1
Murcia	114,5	3,3
Navarra	115,8	2,9
País Vasco	102,6	1,8
A Ríoxa	122,2	5,4
Ceuta	118,4	1,8
Melilla	132,2	0,8
España	118,2	2,8

(1) Índice base 2002

(2) Interanual (en decembro).

Fonte: INE, "Encuesta de Ocupación Hotelera"

2.6 Indicadores de actividade e demanda

2.6.1. Indicadores de actividade

No cadro 2.28 pódense ver (con desagregación para cada trimestre de 2006) diversos indicadores de conxuntura económica desde a perspectiva da actividade (oferta) e máis da demanda, para permitirlle ás persoas interesadas analizar polo miúdo a evolución nos últimos trimestres das variables que nel figuran.

■ Cadro 2.28

Indicadores* de actividade e demanda. Galicia. 2006

	I T.	II T.	III T.	IV T.
De actividade				
Consumo industrial de enerxía eléctrica	17,6	38,6	53,1	55,0
Produción de enerxía	12,9	22,3	-3,0	13,4
Vivendas visadas	31,1	13,3	49,1	23,9
Vivendas rematadas	17,8	-17,5	1,0	-10,4
Tránsito portuario	-1,1	2,8	3,4	-0,4
Tránsito aéreo de viaxeiros	17,5	11,8	5,2	10,4
Tránsito de mercancías				
Aéreo	-27,1	-30,5	-11,4	-17,0
Portuario	-0,6	7,2	19,7	13,2
Número de viaxeiros	3,4	11,7	-3,3	-0,1
Pernoctacións	1,8	10,8	-1,0	1,1
Ocupación hostaleira(%)	25,0	36,1	51,3	30,0
De demanda				
Consumo de gasolina	-4,0	-0,5	-6,2	-1,3
Consumo de gasóleo A	7,8	3,4	1,3	6,0
Consumo doméstico de enerxía eléctrica	5,1	0,5	0,9	-1,6
Matriculación de automóviles	6,3	-7,2	-5,2	3,8
Matriculación de vehículos de carga	0,6	-6,2	0,7	-1,4
Importacións	28,1	9,8	28,5	-0,2
Exportacións	34,2	21,2	23,9	2,2
Número de hipotecas	-5,3	-3,7	0,8	-7,1
Licitación de obra pública	1,2	-29,6	2,6	232,1
Central	208,2	68,8	10,3	253,1
Autonómica e local	-35,9	-63,0	-10,8	216,8

*En porcentaxes de variación interanuais

Fonte: Varias (recollido de "Informe de Conxuntura da Economía Galega", editado pola Fundación Caixa Galicia)

2.7 Investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación (I + D+i)

2.7.1. Introducción

A investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico (I+D) abranguen un conxunto de traballos de carácter creativo emprendidos co fin de incrementar os coñecementos nunha rama ou actividade determinada, así como a aplicabilidade desa suma de coñecementos á mellora dos xa existentes. Sen dúbidas é un factor clave á hora de posibilitar a converxencia real cos países máis desenvolvidos, que como veremos neste mesmo apartado presentan valores moi por riba dos existentes en España (e especialmente dos de Galicia).

A innovación, pola súa banda, é cada vez máis un factor clave na procura do aumento de produtividade e, xa que logo, da competitividade empresarial; hoxe en día as diferenzas económicas entre os países susténtase, en boa parte, no crecemento e acumulación do *know how* e na súa capacidade de transformación en produtos finais, vía innovación tecnolóxica.

A nova política de fondos na procura da cohesión territorial na UE priorizará cada vez máis o seu investimento no amplo abano denominado *sociedade do coñecemen-*

to, co obxectivo de intentar converter a economía europea na máis competitiva do mundo (de acordo co aprobado no Cumio de Lisboa). O pulo da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico é fundamental e débese traballar na redución da “brecha tecnolóxica” galega.

2.7.2. Investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D).

O cadro 2.29 permítenos unha visión por comunidades autónomas para o ano 2005 dos gastos internos totais e máis do persoal (en equivalencia a xornada completa). Apréciase que:

■ O gasto interno total de Galicia (4,9% do total estatal) está moi por baixo da porcentaxe que lle correspondería pola poboación, polo PIB ou polo número de empresas no total español, o que tamén ocorre no tocante ao persoal, pero cun diferencial menor, porque é maior a porcentaxe galega (4,9%).

■ Hai unha notable concentración espacial do gasto interno total nas actividades de I+D en dúas comunidades autónomas, pois Madrid e Cataluña representan máis da metade (51,15%) do total estatal. No persoal o seu peso conxunto é algo inferior á metade do conxunto de España (47,11%).

■ Galicia ocupa a sétima posición nas dúas clasificacións (polo gasto en I+D e máis polo persoal en EDC), por detrás de Cataluña, Madrid, Andalucía, País Vasco, C. Valenciana e Castela-León.

■ Cadro 2.29

Gastos internos e persoal en I + D. Por comunidades autónomas. 2005

	Gastos internos		Persoal en equivalencia a xornada completa	
	Total (Miles de euros)	%	Total	%
Andalucía	1.051.028	10,3	18.803,2	10,8
Aragón	221.261	2,2	5.285,0	3,0
Asturias	137.810	1,4	2.698,4	1,5
Baleares	61.505	0,6	1.283,0	0,7
Canarias	214.217	2,1	4.417,7	2,5
Cantabria	51.574	0,5	1.047,3	0,6
C. León	436.552	4,3	8.570,7	4,9
C. A Mancha	126.589	1,2	2.210,5	1,3
Cataluña	2.302.350	22,6	37.862,3	21,7
C. Valenciana	867.666	8,5	15.256,3	8,7
Extremadura	103.250	1,0	1.567,9	0,9
Galicia	405.196	4,0	8.495,5	4,9
Madrid	2.913.163	28,6	44.480,2	25,5
Murcia	170.099	1,7	4.236,5	2,4
Navarra	257.967	2,5	4.492,8	2,6
País Vasco	829.025	8,1	13.123,8	7,5
A Ríoxa	44.194	0,4	884,8	0,5
Ceuta e Melilla	3.424	0,0	57,0	0,0
España	10.196.870	100,0	174.772,9	100,0

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D

O seguimento na última década da porcentaxe do gasto en I+D en Galicia en relación co de España podemos facelo co cadro 2.30. A suba relativa de 1995 permitiu-lle a Galicia pasar do 2,57% de 1994 ao 3,33%; estancouse no cuadrienio seguinte ao redor desa porcentaxe e a forte suba do trienio 2000-2002 fixo que superara por vez primeira o 4%. En 2005 diminuíu en doce centésimas con respecto ó ano anterior e quedou no 3,97% do total español.

■ Cadro 2.30

**Evolución dos gastos internos en I+D. %
Galicia/España. 1994-2005**

1994	2,57
1995	3,33
1996	3,20
1997	3,52
1998	3,24
1999	3,30
2000	3,70
2001	3,86
2002	4,08
2003	4,12
2004	4,09
2005	3,97

Elaboración propia

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D

O valor absoluto do gasto en I+D dunha comunidade autónoma non é representativo dabondo do esforzo en investigación e desenvolvemento tecnolóxico da mesma, xa que o seu valor en relación co valor da súa produción pode ser moi distinto. Por iso recolleemos no cadro 2.31 o gasto total en I+D, as porcentaxes dese gasto sobre o PIB de cada comunidade autónoma e mailo gasto de cada un dos sectores que o executan, Sobrancearemos que:

■ O gasto en I+D de Galicia supón actualmente un 0,89% do PIB, dato que fai que Galicia ocupe o sexto posto na clasificación das comunidades autónomas (un posto por diante que no ano anterior e empatada con Castela -León). Segue a reflectir unha *diverxencia* notable de Galicia (a estatal supera nun 20,28% á galega), moito maior que a existente en variables coma o PIB ou a renda.

■ As catro comunidades que realizan un maior investimento nas actividades de I+D son Madrid (1,82%), Navarra (1,67%) e a continuación País Vasco e Cataluña (1,48% e 1,35% respectivamente).

■ No tocante á distribución do gasto en I+D segundo o sector que o execute, en Galicia o primeiro é xa este ano, a diferenza dos precedentes, o sector empresarial, aínda que a pouca distancia do ensino superior. No total estatal o sector empresarial representa case o dobre dos gastos do correspondentes ó Ensino Superior (diferencias que se agrandan nas catro comunidades que máis invisten en I+D en proporción do seu PIB: Madrid, Cataluña, Navarra e País Vasco).

■ Cadro 2.31

**Gastos internos totais en I + D.
Por comunidades autónomas e sector de execución. 2005**

	Total	% sobre PIB	Empresas e IPSFL ⁽¹⁾	Admón. Pública	Ensino superior
Andalucía	1.051.027	0,84	339.832	243.434	467.762
Aragón	221.261	0,79	125.109	43.372	52.780
Asturias	137.810	0,70	65.593	23.103	49.114
Baleares	61.506	0,28	14.504	13.335	33.666
Canarias	214.217	0,59	50.078	62.982	101.157
Cantabria	51.574	0,45	20.291	12.952	18.331
C. León	436.552	0,89	242.270	36.319	157.963
C. A Mancha	126.588	0,41	55.483	20.279	50.827
Cataluña	2.302.349	1,35	1.460.533	263.238	578.579
C. Valenciana	867.666	0,99	326.382	114.393	426.891
Extremadura	103.250	0,69	23.860	23.121	56.269
Galicia	405.197	0,89	176.035	63.976	165.185
Madrid	2.913.163	1,82	1.678.124	740.737	494.302
Murcia	170.099	0,75	76.050	29.183	64.866
Navarra	257.967	1,67	170.165	8.607	79.195
País Vasco	829.026	1,48	644.871	34.412	149.742
A Ríoxa	44.194	0,66	29.642	4.534	10.018
Ceuta e Melilla	3.425	0,13	68	77	3.279
España	10.196.871	1,07	5.498.890	1.738.054	2.959.926

En miles de euros (agás a 2ª columna, que está en porcentaxe)

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D

A comparanza das porcentaxes de execución do gasto en I+D en cada sector en Galicia e España podemos facela ao fío do cadro 2.32. Subliñaremos o seguinte:

■ O sector empresarial representa máis da metade do gasto total en I+D (un 53,93%), mentres que en Galicia se ben é tamén en 2005 o primeiro está máis de 10 puntos porcentuais por baixo. Debe resaltarse non obstante que subiu ostensiblemente nos últimos anos (pois en 2001 era só un 27%).

■ En Galicia ocupa o segundo posto o Ensino Superior (cun 40,77%), 11,74 puntos porcentuais por riba da media española.

■ Cadro 2.32

**Porcentaxe de execución do gasto en I+D
Por sectores. Galicia e España. 2005**

	Galicia	España
Empresas e IPSFL ⁽¹⁾	43,44	53,93
Admón. Pública	15,79	17,04
Ensino Superior	40,77	29,03

(1) Institucións privadas sen fins de lucro

Fonte: INE, Estatística de I+D

■ A porcentaxe de gasto en I+D da Administración Pública en Galicia é un punto e vinte cinco centésimas inferior á de España.

Centrámonos na evolución no último quinquenio das porcentaxes do gasto en I+D respecto do PIB nas distintas comunidades autónomas (cadro 2.33) destacaremos que en 2005 incrementábase en tres centésimas a porcentaxe despois do avance en sete centésimas en 2002 e 2003 e o estancamento en 2004, se ben acúrtanse as diferencias con respecto á media do Estado, amosa insuficiente para conseguir nun prazo razoable a nosa converxencia coa media estatal.

■ Cadro 2.33

**Evolución da porcentaxe de gastos respecto ao PIB a prezos de mercado.
Por comunidades autónomas**

	2001	2002	2003	2004	2005
Andalucía	0,62	0,62	0,89	0,77	0,84
Aragón	0,71	0,75	0,74	0,70	0,79
Asturias	0,71	0,65	0,70	0,64	0,70
Baleares	0,25	0,26	0,25	0,26	0,28
Canarias	0,56	0,60	0,55	0,58	0,59
Cantabria	0,57	0,55	0,47	0,44	0,45
C. León	0,83	0,81	0,88	0,93	0,89
C. A Mancha	0,04	0,44	0,44	0,41	0,41
Cataluña	1,17	1,28	1,38	1,34	1,35
C. Valenciana	0,77	0,81	0,87	0,90	0,99
Extremadura	0,60	0,60	0,63	0,41	0,69
Galicia	0,72	0,79	0,86	0,86	0,89
Madrid	1,79	1,88	1,81	1,65	1,82
Murcia	0,66	0,57	0,73	0,66	0,75
Navarra	1,22	1,11	1,41	1,79	1,67
País Vasco	1,39	1,32	1,42	1,51	1,48
A Ríoxa	0,63	0,57	0,66	0,65	0,66
España	0,99	1,03	1,10	1,07	1,07

Fonte: INE, Estadística de I+D

Na comparanza internacional, o cadro 2.34 subliña o baixo valor da porcentaxe de gasto galego en I+D (en relación co PIB) no contorno da Unión Europea (en 2004 o dato de Galicia supón un 46,35% da porcentaxe da Unión Europea dos 15). O estado de maior porcentaxe de gasto en I+D (Suecia) case quintuplica a de Galicia; Finlandia ou Islandia triplícanas.

**Porcentaxe de gasto en I+D sobre o PIB.
Europa. 2003-2004**

■ **Cadro 2.34**

	2003	2004
Austria	2,19	2,26
Bélxica	1,89	1,90
República Checa	1,26	1,27
Dinamarca	2,56	2,58
Finlandia	3,48	3,51
Francia	2,18	2,16
Alemaña	2,52	2,49
Grecia	0,61	0,57
Hungría	0,94	0,89
Islandia	2,92	2,92
Irlanda	1,16	1,20
Italia	1,11	
Holanda	1,76	1,78
Noruega	1,73	1,61
Polonia	0,54	0,56
Portugal	0,74	1,00
Eslovaquia	0,58	0,53
Estonia	0,82	1,00
Chipre	0,35	0,37
Letonia	0,38	0,42
Lituania	0,67	0,76
Luxemburgo	1,66	2,00
Malta	0,27	
Eslovenia	1,52	
Suecia	3,95	3,70
Reino Unido	1,88	1,79
Bulgaria	0,50	0,51
Croacia	1,11	1,25
Rumania	0,39	0,39
Galicia	0,86	0,89
España	1,05	1,07
UE (25)	1,90	1,86
UE 15	1,95	1,92

Fonte: OCDE. Base de datos MSTI 2004-2 (Collido do INE: Estadística sobre actividades en I+D. 2003 e 2004)

2.7.3 Innovación tecnolóxica nas empresas.

A *Enquisa de Innovación Tecnolóxica nas empresas* (do INE) permite coñecer a estrutura tecnolóxica das empresas e os factores que inflúen na súa capacidade para innovar e ademais proporciona o marco base para estudos posteriores, coma pode ser a utilización da tecnoloxía punta nos procesos de fabricación ou a análise dos fluxos de pagos e ingresos tecnolóxicos. Nesta enquisa avaláase a actividade das empresas que realizan algunha actividade innovadora (I+D, adquisición de tecnoloxía inmaterial software, gastos en deseño, etc).

O gasto en actividades para a innovación tecnolóxica acadou en Galicia 679,19 millóns de euros no ano 2005, superando en máis de 145 millóns os correspondentes ó ano anterior. No cadro 2.35 presentamos o gasto en innovación tecnolóxica nas diferentes comunidades autónomas (e no total español) en 2005, con desagregación segundo tamaño da empresa. Salientaremos que:

■ O investimento de Galicia supón un 4,98% do total estatal, sendo especialmente máis baixo nas empresas de menos de 250 empregados (3,68%) e maior nas de máis de 250 empregados (5,86%).

■ As comunidades autónomas con maior gasto en actividades para a innovación tecnolóxica foron Madrid e Cataluña, que conxuntamente concentran algo máis da metade do gasto total estatal.

■ Galicia ocupa a sexta posición na clasificación, por detrás das dúas comunidades citadas máis País Vasco, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

■ Cadro 2.35

Evolución da porcentaxe de gastos respecto ao PIB a prezos de mercado. Por comunidades autónomas

	2001	2002	2003	2004	2005
Andalucía	0,62	0,62	0,89	0,77	0,84
Aragón	0,71	0,75	0,74	0,70	0,79
Asturias	0,71	0,65	0,70	0,64	0,70
Baleares	0,25	0,26	0,25	0,26	0,28
Canarias	0,56	0,60	0,55	0,58	0,59
Cantabria	0,57	0,55	0,47	0,44	0,45
C. León	0,83	0,81	0,88	0,93	0,89
C. A Mancha	0,04	0,44	0,44	0,41	0,41
Cataluña	1,17	1,28	1,38	1,34	1,35
C. Valenciana	0,77	0,81	0,87	0,90	0,99
Extremadura	0,60	0,60	0,63	0,41	0,69
Galicia	0,72	0,79	0,86	0,86	0,89
Madrid	1,79	1,88	1,81	1,65	1,82
Murcia	0,66	0,57	0,73	0,66	0,75
Navarra	1,22	1,11	1,41	1,79	1,67
País Vasco	1,39	1,32	1,42	1,51	1,48
A Rioxa	0,63	0,57	0,66	0,65	0,66
España	0,99	1,03	1,10	1,07	1,07

Fonte: INE, Estadística de I+D

O esforzo dos últimos anos en Galicia, no que non só sobrancea o dinamismo mostrado por unhas poucas empresas punteiras senón tamén o dos *clusters* (de automoción, acuicultura, etc), que con notable empeño están aplicando a cultura da cooperación empresarial na innovación parece albiscar unha certa recuperación despois dos malos datos de 2004, cun aumento importante – máis de 145 millóns de euros en gastos en actividades para innovación tecnolóxica, cun significativo “tirón” das empresas privadas. (Cadros 2.36 e 2.37).

■ Cadro 2.36

Principais indicadores de I+D en empresas, por tipo de empres e comunidades autónomas. 2005⁽¹⁾

	Manufactureiras de alta e media-alta tecnoloxía			De servizos de alta tecnoloxía		
	Nº empresas	Gastos I+D (miles euros)	Persoal en EXC	Nº empresas	Gastos I+D (miles euros)	Persoal en EXC
Andalucía	186	114.994	1.514,3	124	55.116	1.135,8
Aragón	157	72.500	1.206,8	34	21.734	423,9
Asturias	35	8.468	155,2	34	20.114	222,5
Baleares	5	373	11,6	12	2.027	44,2
Canarias	13	547	14,9	20	18.653	307,2
Cantabria	27	7.840	107,7	12	2.287	37,8
C. León	75	38.487	634,8	51	131.148	1.408,4
C. A Mancha	68	24.551	356,7	13	2.021	38,1
Cataluña	1.062	757.219	9.369,7	295	311.608	4.235,4
C. Valenciana	278	92.678	1.611,1	127	76.637	1.341,5
Extremadura	15	986	28,3	5	3.551	66,2
Galicia	131	86.158	1.111,9	71	28.679	554,9
Madrid	364	667.047	6.346,2	401	508.921	7.188,5
Murcia	64	33.461	391,4	29	6.941	160,8
Navarra	93	92.384	1.027,2	28	16.599	326,7
País Vasco	345	206.805	2.951,5	200	272.766	4.003,5
A Ríoxa	19	6.703	106,5	17	4.631	89,4
España	2.937	2.211.201	26.945,8	1.473	1.483.433	21.584,8

(1) Manufactureiras de alta tecnoloxía: Industria farmacéutica, maquinaria de oficina e material informático, compoñentes electrónicos, aparatos de radio, TV e comunicación, instrumentos médicos, de precisión, óptica e relojería e construción aeronáutica e espacial.

De servizos de alta tecnoloxía: Correos e telecomunicacións; actividades informáticas; investigación e desenvolvemento.

Fonte: INE, Base: "Indicadores de Ciencia y Tecnología".

■ Cadro 2.37

Poboación ocupada nos sectores de alta e medio-alta tecnoloxía. Por CCAA. 2005

	A	Sectores de alta e medio-alta tecnoloxía				C=B/AX100
	Total Economía	B	Sectores manufactureiros		Servizos de alta tecnoloxía	
			Alta tecnoloxía	Medio-alta tecnoloxía		
Andalucía	2.959,6	132,4	19,4	52,3	60,7	4,47
Aragón	568,5	62,8	4,7	45,0	13,1	11,05
Asturias	405,2	20,1	0,8	10,9	8,4	4,96
Baleares	468,1	13,4	1,1	5,0	7,3	2,86
Canarias	836,1	26,7	1,4	5,8	19,4	3,19
Cantabria	239,2	17,5	1,2	12,4	4,0	7,32
C. León	1.022,7	64,6	4,4	41,5	18,7	6,32
C. A Mancha	763,7	31,8	4,1	16,1	11,6	4,16
Cataluña	3.291,1	364,8	51,9	219,0	93,9	11,08
C. Valenciana	2.053,1	115,6	6,8	64,5	44,3	5,63
Extremadura	385,8	10,9	0,6	3,5	6,8	2,83
Galicia	1.130,1	74,2	4,3	50,0	19,9	6,57
Madrid	2.858,8	279,5	54,1	62,7	162,6	9,78
Murcia	569,7	27,6	3,3	15,8	8,5	4,84
Navarra	274,4	30,0	1,7	24,0	4,2	10,93
País Vasco	958,2	118,1	13,2	78,9	26,0	12,33
A Ríoxa	140,8	8,3	0,4	5,6	2,3	5,89
Ceuta e Melilla	48,1	0,9	0,1	0,1	0,8	1,87
España	18.973,2	1.399,2	173,5	713,1	512,5	7,37

En medias anuais. En miles; agás a última columna que é porcentaxe.

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

2.8. A empresa industrial pública: a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI)

A raíz da promulgación do Real decreto-lei 5/1995, do 16 de xuño, a industria pública española nucleada neses momentos en torno ao Instituto Nacional de Industria (INI) e ao Instituto Nacional de Hidrocarburos (INH) reestrutúrase, agrupándose en dous entes as distintas empresas dependentes ou controladas polo Ministerio de Industria e Enerxía:

■ A Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), á que se lle asignan as participacións dos grupos Teneo, SA e Repsol, SA, rexida polo dereito privado, sen aval do Estado, e que goza do beneficio da consolidación fiscal nas operacións de endebedamento; ten, ademais, como unha das súas principais obrigacións a de amortizar a débeda do ex-INI, vía dividendos, endebedamento e desinvestimentos.

■ A Axencia Industrial do Estado (AIE), á que se adxudica, polo seu valor contable, a carteira de titularidade directa, maioritaria, igualitaria ou minoritaria das entidades mercantís, suxeitas a plans de reestruturación ou reconversión industrial. A esta axencia non se lle concede ningunha capacidade de endebedamento e carece do beneficio de consolidación fiscal, se ben as empresas en reconversión serán as únicas que poidan percibir aportacións do Estado.

O 28 de xuño de 1996 o goberno aprobou o “programa de modernización do sector público empresarial do Estado”, que deseña un plan de privatizacións de empresas públicas, que afondando na política de alleación de activos patrimoniais públicos que xa viña desenvolvéndose anteriormente, contempla a venda das empresas públicas rendibles, incluídas as dependentes do Ministerio de Economía e Facenda.

No trienio 1996-1999 producíronse operacións privatizadoras en empresas públicas industriais e de servizos con implantación en Galicia: Argentaria, Telefónica, o grupo Repsol, Retevisión, Auxini, ENDESA, Tabacalera, Gas Natural, Elcano, Barreras, INESPAL, Santa Bárbara, Indra ou Red Eléctrica, e en 2000 e os primeiros meses de 2001 os de Iberia, Enatcar e ENCE, ás que seguirá Autopistas del Atlántico no 2002, quedándose o Estado co control daquelas que poden ter problemas para privatizarse por cuestións sociais ou estratéxicas, aínda que non se descarta o seu pase a mans privadas, como as da División Naval e Bazán agrupadas no novo grupo Izar e actualmente Navantia.

En todo caso, o que si é certo é que o cadro da empresa pública en España, e polo tanto en Galicia, experimentou un importante cambio nestes últimos anos, especialmente a partir de 1997-1998, diminuíndo substancialmente as empresas participadas polo Estado, quedando reducido a un pequeno grupo con capital público, formado polas que arrastran un déficit empresarial considerable.

O Decreto-lei 15/1997, do 15 de setembro, reagrupa de novo o sector público, disolvendo a AIE e integrando as súas sociedades na SEPI, facendo esta fronte ao paulatino equilibrio financeiro do sector; cunha aportación de recursos de 900.000 millóns de pesetas -resultante das privatizacións- durante os dous primeiros anos e desvinculando o mantemento das empresas públicas dos Orzamentos Xerais do Estado, cun efecto importante na redución do déficit público para o cumprimento dos criterios de Maastricht.

A SEPI é polo tanto a sociedade estatal que agrupa na actualidade ás empresas públicas industriais, acollendo tamén algunha das empresas que pertencían á Dirección

Xeral de Patrimonio, tales como Efe, ALYCESA, CETARSA, Transmediterránea, EMGRISA, ENAUSA -matriz de Autopistas del Atlántico-, EXPASA, MAYASA e a Sociedade Estatal de Participacións Patrimoniais, coa intención na maioría dos casos de preparar a súa futura privatización. En marzo de 2005 tras unha importante crise da empresa Izar provocada dunha banda polas súas notables perdas –800 millóns de euros- e por outra pola exigencia da UE ao goberno español da devolución das axudas nos últimos anos aos estaleiros públicos, constitúese unha nova empresa: Navantia que mercé a un axuste de cadro de persoal por xubilacións anticipadas asume a actividade de construción naval, fundamentalmente militar, conservando un 20% de actividade en materia civil. Así mesmo acolle liñas de actividade de propulsión e enerxía, reparacións e sistemas e armas, cunha forte aposta pola tecnoloxía e tarefas de investigación e desenvolvemento.

No anexo deste informe contémplanse os datos de investimentos e persoal dos entes públicos e sociedades estatais en Galicia, clasificados de acordo coa distribución que establece a Lei de orzamentos xerais do Estado.

As características e tendencias que apuntabamos en anteriores informes, con respecto aos investimentos e ao cadro de persoal das empresas públicas dependentes do ex Ministerio de Industria e Enerxía –hoxe do de Facenda-, continúan en 2006; como se reflote nos cadros A-22 do anexo, quedando reducidas na súa vertente industrial a Navantia xa que as restantes son empresas doutros sectores produtivos.

Os investimentos da SEPI representan un montante total de 14 millóns 841 mil euros (cadro A.22)- dos que só 7 millóns 563 mil euros corresponde a Navantia, unha contía de 1 millón 959 mil euros á empresa Tragsa, que realiza unha variada gama de actuacións que abrangue o deseño e construción das infraestruturas e equipamentos necesarios para a modernización e mellora dos sistemas de produción agraria, tecnoloxías para un mellor aproveitamento da auga, actividades de conservación do medio natural, actuacións forestais, xestión de recursos pesqueiros e acuicultura. e 5.296.000 euros do grupo inoinvest, que colabora coa Xunta de Galicia no desenrolo de 20 parques empresariais

A escasa contía do investimento das empresas públicas está en consonancia coa diminución do número e a importancia das empresas con respecto a anos anteriores ao deixar de computarse, xa en 1997, os investimentos de Endesa e do grupo Repsol -preto de 9.611 millóns de ptas. en 1997- que foron as empresas industriais con maior capacidade inversora en Galicia, privatizándose tamén en 2002 ENA que con 45 millóns 670 mil euros de investimento en 2002 constituía a empresa pública con maior volume de recursos en dito ano.

As empresas públicas industriais con sede en Galicia experimentan unha diminución apreciable de traballadores nestes catorce últimos anos, pasándose, no seu conxunto, de 14.067 traballadores/as en 1993 aos 3.200 do ano que analizamos. Os efectivos de persoal das empresas públicas en Galicia aumentan en 395 con respecto ó ano 2005 (cadro A.22). Navantia con 2.358 efectivos dos estaleiros de Fene e Ferrol constitúen ó maior volume por empresa ao que segue Tragsa con 1.220 traballadores/as. A provincia da Coruña, con 3.070 empregados/as, concentra o volume máis importante, o persoal das outras tres provincias galegas proceden precisamente deste último grupo citado.

2.9. Política industrial. A achega das administracións públicas

Examinaremos, dentro deste apartado, o conxunto das intervencións máis importantes das distintas administracións públicas no ámbito industrial e empresarial, co obxecto de ter unha visión de carácter xeral das principais liñas de actuación que marcan as políticas públicas en Galicia.

Hai que ter, non obstante, moi en conta que a política macroeconómica ten un papel decisivo sobre a actividade industrial: o control da inflación, a redución do déficit público e a estabilidade monetaria constitúen factores fundamentais para a incentivación e boa marcha das industrias e, xunto co investimento público e o impulso das reformas estruturais, inciden dunha maneira decisiva no comportamento empresarial.

2.9.1. As actuacións da UE

O Cumio de Maastricht de 7 de febreiro de 1992, coa reforma do artigo 130 do Tratado da UE, marca o inicio da nova estratexia en materia industrial e de emprego previndo un marco de relacións entre administracións públicas rexido polo principio de subsidiaridade, a potenciación da instrumentación de accións de I+D, políticas de infraestruturas a escala europea, formación profesional e incluso a posibilidade de utilización de medidas específicas, a aprobar por unanimidade, destinadas a acelerar a adaptación da industria aos cambios estruturais, creando un contorno favorable á iniciativa, desenvolvemento e cooperación entre as empresas, e a favorecer unha explotación do potencial industrial das políticas de innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

O Tratado de Amsterdam de 17 de xuño de 1997 inclúe no Tratado Constitutivo da Unión Europea un capítulo sobre emprego, en paralelo ás disposicións relativas á Unión Económica e Monetaria. Cada país continúa a ser dono da súa política, pero a situará no contexto dunha estratexia coordinada de toda a comunidade. O Tratado fixa para os gobernos da Unión o compromiso de:

- Orientar as súas políticas de emprego en consonancia coa política económica da comunidade.

- Promover unha man de obra cualificada con poder de adaptación, así como mercados de traballo que poidan reaccionar axiña ante os cambios económicos.

Así mesmo, crea un sistema de vixilancia multilateral das políticas de emprego nacionais, e un Comité de Emprego que asistirá ás institucións neste traballo.

A estratexia coordinada para o emprego levarase á práctica do seguinte xeito:

En primeiro lugar, os xefes/as de Estado e de Goberno examinarán a situación do emprego.

O Consello, por maioría cualificada, a proposta da Comisión e previa consulta ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social, e ao Comité das Rexións, elaborará as liñas directrices para os Estados membros.

Ao final do ano, o Consello examinará a aplicación das liñas directrices e, se o estima oportuno, formulará recomendacións para os Estados membros.

O Consello e a Comisión remitirán un informe anual conxunto aos xefes/as de Estado e de Goberno, que examinarán as novas orientacións a seguir:

Finalmente, prevense medidas de estímulo para financiamento de proxectos piloto en temas de emprego.

Transcorridos dous anos con ocasión do Cume de Lisboa –marzo de 2000- valórouse positivamente o proceso iniciado en Amsterdam, e acolleuse como obxectivo prioritario a loita contra o desemprego, marcándose como meta conseguir o pleno emprego na Unión Europea para o 2010, combinando para isto reformas estruturais ambiciosas coa potenciación das novas tecnoloxías, facendo especial fincapé no acceso das escolas a Internet e a formación a curto prazo do profesorado nas novas tecnoloxías.

Os atentados do 11 de setembro de 2001 en EE.UU. provocan un descenso da actividade económica mundial. No Consello da Unión Europea de Sevilla -21 e 22 de xuño de 2002- se aposta pola reactivación do crecemento, reafírmase na adhesión do Pacto de Estabilidade e Crecemento e o saneamento das finanzas públicas e mantense en vigor os obxectivos estratéxicos alcanzados en Lisboa. Así mesmo, tanto no Cumio de Copenhague de decembro de 2002, que aproba a ampliación a 25 Estados a partir do 1 de maio de 2004, como o Consello de Bruxelas do 20 e 21 de marzo de 2003 ratifican cunha serie de orientacións e medidas específicas os obxectivos de Lisboa.

A incorporación de 10 novos países en maio de 2004 á Unión Europea, todos eles con rendas per cápita inferiores á española e moi lonxe da media da Unión, levará aparelladas importantes repercusións para países que como España son beneficiarios netos e en moi ampla medida das axudas e fondos estruturais europeos.

O “non” ao referendun sobre a Constitución europea de Francia e Holanda e o fracaso da cume europea de Bruxelas, no transcurso de 2005 para a aprobación do marco orzamentario 2007-2013 sumiu á UE nunha fonda crise con repercusión moi directa no escenario de territorios como o galego que basean o seu futuro desenvolvemento nas aportacións dos fondos estruturais e de cohesión.

A comisión Europea aprobou en Maio de 2007 o Marco Estratéxico Nacional de Referencia da Política de Cohesión para España na que se determina a estratexia para a utilización de 35.217 millóns de euros da política de cohesión no período 2007-2013 dos Fondos Estructurais (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional –FEDER- e Fondo Social Europeo –FSE-) e o Fondo de Cohesión.

As actuacións da UE en Galicia –catalogada como rexión obxectivo nº 1, e a partir de 2007 obxectivo da converxencia— lévanse a cabo a través do transvase de importantes cantidades de diñeiro para o desenvolvemento rexional, das que a maioría dedícanse a infraestruturas de carácter básico; ditas cantidades canalízanse a través dos chamados fondos estruturais para a redución dos desequilibrios rexionais e o Fondo de Cohesión que financia proxectos de infraestrutura de transporte e medio ambiente.

■ Marco de Apoio Comunitario de Galicia para o período 2000-2006

O período de programación do marco orzamentario para o período 2000-2006 foi aprobado nas grandes cifras para o conxunto da Unión, pola Comisión no Cume de Berlín en marzo de 1999 consagrando o criterio do emprego como un dos básicos para o reparto de recursos e incluíndo fondos específicos “instrumentos de pread-

hesión” para os países que teñen prevista a súa entrada na UE. Tras intentos dalgúns membros para a súa abolición, mantívose o Fondo de Cohesión, pero endurecéuse os seus controis; en concreto, os beneficiarios que accederon ao euro perderano instantaneamente se incumpren o pacto de estabilidade, incorrendo nun déficit superior ao tres por cento do PIB fixado no Tratado de Maastricht.

A Galicia como Marco de Apoio Comunitario (MCA) correspondeulle para o período 2000-2006 a cantidade de 5.407,7 millóns de euros –899.766 millóns de pta- o 13,7% do total do financiamento comunitario para as rexións obxectivo nº I de España.

■ Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006

No cadro 2.38 explíctase por axente xestor e medida o grao de execución do **programa operativo integrado de Galicia 2000-2006** a 31 de decembro de 2006. Do total programado para todo o período: 5.327 millóns de euros executouse a 31-12-2006 máis de 4.378 millóns de euros que representa un 82,20% do total. O eixe nº 6: Redes de transporte e enerxía, financiada polo Feder, e con máis de 2.426 millóns de euros no programa é o de maior contía económica, nel intégranse as partidas correspondentes a estradas, autoestradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de enerxía etc.; ao fin de 2006 o gasto executado elévase a máis de 2.098 millóns de euros que correspóndese co 86,48 % do total do previsto neste eixe. O subeixe de autoestradas estaba xa ao 100% a 31-12-2004 e o de aeroportos supera o cento por cento a finais de 2005, mentres que os subeixes de, portos, sistemas de transporte multimodais e redes de enerxía tiñan unha execución baixa do 74 os dous primeiros e do 73% o último deles.

O eixe nº 3: Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos é o seguinte en importancia económica cunha dotación total do programa de preto de 837 millóns de euros, dos que executáronse ao fin de 2006 algo máis de 607 millóns 299 mil euros, que representa o 72,57%. Como pode apreciarse comprende actuacións de abastecemento de augas, saneamento e depuración de augas residuais, xestión de residuos urbanos, etc.; o subeixe actuacións medioambientais en costas rebasou ao fin de 2004 a cantidade presupostada nun 9% e incrementouse a súa contía, estando a finais de 2006 outra vez por encima da dotación programada. En troques, algúns dos subeixes teñen un grao de execución escaso especialmente o de protección e rexeneración do entorno natural, que non chega ó 50%. Os de maior dotación orzamentaria: Saneamento e depuración de augas residuais e accións de conservación de paisaxe presentan tamén unha porcentaxe de execución escaso.

Os eixes 2: Sociedade do Coñecemento, 41: Infraestrutura educativa e reforzo da educación técnico-profesional e 44: Mercado de Traballo das persoas con dificultades xunto co eixe 5: Desenvolvemento local e urbano son os que acadan un maior grao de execución, mentres que os correspondentes a Asistencia Técnica (9) acada un escaso 14,45%, e outros como o 1,3, 45 e 7 non chegan ó 75%.

Fóra do Marco Comunitario de Apoio a Comunidade Galega percibe tamén financiamento das **iniciativas comunitarias**:

■ Interreg III financiado polo FEDER, contempla accións no ámbito da cooperación transfronteiriza, cunha dotación prevista nos anos 2000 a 2006 para o subprograma Galicia/Norte de Portugal de 276,9 millóns de euros –46.072 millóns de pta-.

■ Cadro 2.38

Grao de execución por eixe e media do Programa Operativo de Galicia
Obxectivo 01 a 31-12-2006

Eixe/Media	Programado 2000-2006	Executado a 31/12/2006	%
1.1 Apoio a empresas industriais, comerciais e de servizos (FEDER)	207.442.722	151.375.360,58	72,97
1.2 Mellora da transformación e comercialización dos produtos agrícolas (FEOGA-O)	206.543.763	157.017.491,00	76,02
1.3 Provisión e adecuación de espazos produtivos e de servizos ás empresas (FEDER)	70.206.513	43.815.570,61	62,41
1.7 Promoción do capital organizativo das empresas (FEDER)	10.560.000	13.220.312,92	125,19
1.8 Favorecer a xeración de nova actividade que permita a creación de emprego (FSE)	20.569.018	13.640.422,52	66,32
Total eixe: 1 Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido produtivo	515.322.016	379.069.157,63	73,56
2.1 Apoiar a invest. en capital humano ámbito da invest., ciencia e tecnol. e transf. (FSE)	32.701.460	29.334.074,60	89,70
2.2 Proxectos de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico (FEDER)	48.412.005	41.396.130,94	85,51
2.3 Equipamento científico-tecnolóxico (FEDER)	3.453.337	4.878.727,85	141,28
2.5 Centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos (FEDER)	12.614.660	13.196.785,30	104,61
2.6 Grandes instalacións (FEDER)	16.137.280	15.104.974,97	93,60
2.7 Sociedade da información (FEDER)	71.208.948	60.957.999,99	85,60
Total eixe: 2 Soc. do coñecemento (Innovación, I+D, sociedade da información)	184.527.690	164.868.693,65	89,35
3.1 Abastecemento de auga á poboación e ás actividades económicas (FEDER)	86.478.434	54.900.570,61	63,48
3.2 Mellora da eficacia das infraestruturas existentes e da utilización da auga (FEDER)	10.218.769	6.479.180,99	63,40
3.3 Saneamento e depuración de augas residuais (FEDER)	200.126.813	133.716.667,08	66,82
3.4 Xestión integral dos residuos urbanos e industriais tratados (FEDER)	12.862.499	8.942.258,83	69,52
3.5 Actuacións medioambientais en costas (FEDER)	83.029.534	83.821.223,40	100,95
3.6 Protección e rexeneración do contorno natural (FEDER)	127.963.476	63.706.009,39	49,78
3.7 Vixilancia, control e redución da contaminación ambiental (FEDER)	6.733.330	6.297.777,52	93,53
3.8 Rexeneración de solos e de espazos (FEDER)	7.253.335	4.740.211,10	65,35
3.9 Silvicultura (FEOGA-O)	124.922.981	103.521.150,18	82,87
3.10 Accións medioambient. derivadas da conservac. paisaxe e a economía agraria (FEOGA-O)	177.271.956	141.174.384,26	79,64
Total eixe: 3 Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos	836.861.127	607.299.433,36	72,57
41.1 Construción, reforma e equipamento de centros educativos e de formación (FEDER)	82.745.722	81.106.168,53	98,02
41.12 Fomentar acceso de todos ensino FP e extensión, na FP base e na FP específica (FSE)	178.455.813	175.246.739,67	98,20
41.13 Desenvolver novas modalidades de oferta en FP inicial/regrada (FSE)	15.753.491	15.340.705,50	97,38
41.14 Promover mecanismos de integración e mellora da eficiencia dos subsistemas de FP (FSE)	17.801.269	14.996.763,24	84,25
41.15 Proporc. alternat. educat. enfocadas mercado traballo de persoas que non superen ensino obrigat. (FSE)	25.544.884	26.951.178,31	105,51
Total eixe: 41 Infraestrutura educativa e reforzo da educación técnico-profesional	320.301.179	313.641.555,25	97,92
42.6 Ofrecer aos desempregados posibilidades de inserción no mercado laboral (FSE)	78.594.845	61.603.339,58	78,38
42.7 Combater paro prolong. mediante accións de reinserc. laboral desempreg. longa duración (FSE)	6.023.237	5.445.679,42	90,41
42.8 Ofrecer vías de inserción profesional aos xoves (FSE)	39.234.646	34.243.979,12	87,28
Total eixe: 42 Inserción e reinserción ocupacional dos desempregados	123.852.728	101.292.998,12	81,79
43.2 Asegurar a actualización do nivel de competencias dos traballadores (FSE)	19.391.011	12.006.564,80	61,92
43.3 Soster a consolidación do emprego existente (FSE)	49.703.605	48.281.343,74	97,14
Total eixe: 43 Reforzo na estabilidade no emprego e adaptabilidade	69.094.616	60.287.908,54	87,25
44.10 Apoiar a inserción das persoas discapacitadas no mercado laboral (FSE)	7.340.265	6.797.640,61	92,61
44.11 Propoñer oportunid. de integrac. colectivos en risco de exclus. do merc. de traballo (FSE)	33.971.862	31.037.588,48	91,36
Total eixe: 44 Integración mercado traballo persoas con dificultades	41.312.127	37.835.229,09	91,58
45.16 Mellorar a empregabilidade das mulleres (FSE)	17.601.930	13.445.439,78	76,39
45.17 Fomentar a actividade empresarial das mulleres (FSE)	12.433.786	7.802.047,91	62,75
45.18 Combater segregac. horiz. e vertical e discrim. salarial e favorec. Conciliac. vida fam. e labor. (FSE)	4.629.726	3.628.350,46	78,37
Total eixe: 45 Partic. Mulleres no mercado traballo	34.665.442	24.875.838,15	71,76
5.1 Rehabilitación e equipamento de zonas urbanas (FEDER)	1.619.503	1.619.502,86	100,00
5.2 Mellora dos sistemas de transportes urbanos (FEDER)	9.419.846	9.196.780,81	97,63
5.3 Infraestrutura e equipamentos colectivos en municipios menores de 20.000 habit. (FEDER)	51.948.939	33.246.026,64	64,00
5.6 Apoio ás iniciativas locais que contribúan á xeración de emprego (FSE)	17.883.855	13.203.099,58	73,83
5.7 Infraestruturas turísticas e culturais (FEDER)	25.785.893	24.672.676,50	95,68
5.8 Conservación e rehabilitación do patrimonio histórico-artístico e cultural (FEDER)	73.194.367	59.445.352,24	81,22
5.9 Infraestruturas e equipamentos sociais e sanitarios (FEDER)	73.898.020	73.898.020,95	100,00
Total eixe: 5 Desenvolvemento local e urbano	253.750.423	215.281.459,58	84,84
6.1 Estradas e autovías (FEDER)	996.392.787	814.648.389,89	81,76
6.2 Autoestradas (FEDER)	93.992.120	93.992.119,11	100,00
6.3 Ferrocarriís (FEDER)	774.494.763	757.477.005,90	97,80
6.4 Portos (FEDER)	322.011.336	240.171.153,21	74,58
6.5 Aeroportos (FEDER)	26.770.000	31.822.785,65	118,87
6.6 Sistemas de transportes multimodais e centros de transporte (FEDER)	13.078.581	9.709.810,76	74,24
6.8 Redes de distribución de enerxía (FEDER)	170.205.624	124.814.324,76	73,33
6.9 Enerxías renov., eficacia e aforro enerxét. agás actuac. contempl. na medida 6-10 (FEDER)	29.135.600	25.545.417,97	87,68
Total eixe: 6 Redes de transporte e enerxía	2.426.080.811	2.098.181.007,25	86,48
7.2 Desenvolvemento e mellora das infraestruturas de apoio (FEOGA-O)	160.000.911	139.389.312,30	87,12
7.5 Desenvolvemento endógeno de zonas rurais, relativo ás actividades agrarias (FEOGA-O)	55.680.594	18.546.390,14	33,31
7.7 Formac. agraria en territor. colectivos e contidos que non queden cubert. nos progr. FSE (FEOGA-O)	9.630.405	8.107.528,48	84,19
7.8 Prestac. servizos a explot. agrarias, comercializ. produt. agrarios calidade e enxeñ. fin. (FEOGA-O)	285.909.477	208.670.163,00	72,98
Total eixe: 7 Agricultura e desenvolvemento rural	511.221.387	374.713.393,92	73,30
9.1 Asistencia técnica FEDER	3.889.232	1.212.393,07	31,17
9.2 Asistencia técnica FSE	2.142.323	97.330,38	4,54
9.3 Asistencia técnica FEOGA-O	4.029.334	144.271,77	3,58
Total eixe: 9 Asistencia técnica	10.060.889	1.453.995,22	14,45
Total	5.327.050.435	4.378.800.669,76	82,20

Datos en miles de euros

Fonte: Ministerio de Economía e Facenda

■ Urban II financiado polo FEDER está destinado á revitalización das cidades e barrios urbanos degradados, afectará soamente a Ourense (casco histórico).

■ Equal financiado polo FSE, previsto para promover novos métodos de loita contra as discriminacións e desigualdades en relación co mercado de traballo.

■ Leader financiado polo FEOGA, destinado a promover o desenvolvemento rural.

Independente así mesmo do MCA, a través do **Fondo de Cohesión** fináncianse proxectos de infraestruturas de transporte e medioambientais. No cadro 2.39 contéplanse os datos relativos ó nº de proxectos, investimentos subvencionables e contías das axudas accións executadas en Galicia dende a súa implantación no ano 1996 ata 2006, obsérvase, un descenso anual no montante total das axudas ata 1999, que pasan de máis de 205 millóns de euros en 1996 a 47 millóns de euros en 1999, Pola contra en 2000 volve a subir a axuda do fondo e o seu importe destínase ao financiamento de accións de saneamento e depuración de concas hidrográficas e de núcleos urbanos –Lugo e Ourense- ou ás actuacións de xestión e tratamento e eliminación de residuos no conxunto de Galicia e na Coruña.

No ano 2001 diminúe significativamente a contía da axuda aprobada- 61.156.867 euros. As aportacións configúranse, en dúas vertentes: as dirixidas a Administración Autonómica e as que financian proxectos da Administración Local, destacando pola súa contía económica o de clausura de vertedoiros de residuos sólidos urbanos de carácter autonómico por un importe no 2001 de máis de 11 millóns 452 mil euros e a implantación de infraestrutura de saneamento nas concas vertentes das parroquias do rural de Vigo no eido local de 9.824.832 euros.

O ano 2002 con 23,6 millóns de euros constitúe a asignación máis cativa desde a súa implantación ata esa data. As axudas van dirixidas todas elas a accións e proxectos de medio ambiente, dunha banda para o saneamento de cidades –Lugo, Ourense e Ferrol-, a cargo da Confederación Hidrográfica do Norte e doutra para a creación de puntos limpos, contedores subterráneos e creación, peche e limpeza de vertedoiros a realizar pola comunidade autónoma.

En 2003 o fondo de cohesión experimenta unha importante subida con respecto ao ano precedente. Os proxectos aprobados no ámbito das tres administracións nacionais son de accións referentes ao medio ambiente, destacando pola súa contía económica as correspondentes á estación depuradora de augas residuais de Bens (A Coruña) por importe de preto de 81 millóns de euros, as subvencións para os colectores xerais do río Miño en Lugo por máis de 40 millóns de euros e a axuda para os traballos técnicos para implementacións de solucións das consecuencias da catástrofe do *Prestige* por valor de 27 millóns 115 mil euros.

No ano 2004 só apróbanse 3 proxectos e complementáanse outros seis todos eles de execución pola Administración Central e no ámbito do saneamento e depuración. Destacan polas súas contías os concernentes á estación depuradora de augas residuais de Lugo por un importe de 37 millóns 825 mil euros e o de EDAR de Cabo Priorio en Ferrol por 33 millóns 150 mil euros.

Número e coantía de proxectos aprobados. Galicia 1996-2006
Fondos de Cohesión

■ Cadro 2.39

ANO	Nº proxectos	Investimento	Axuda
1996	6	688.233,27	205.828,72
1997	7	181.736,62	153.160,82
1998	4	166.879,26	138.360,65
1999	2	92.913,61	47.377,74
2000	6	183.719,59	153.017,16
2001	21	95.557,60	61.156,87
2002	7	29.381,75	23.607,24
2003	14	203.531,22	171.293,00
2004	9	110.200,00	93.670,00
2005	4	432.074,71	316.355,29
2006	5	9.446,18	7.556,95

Investimentos e contía da axuda en miles de euros
 Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Economía

En 2005 s os proxectos cos investimentos e as axudas correspondentes ó Fondo de Cohesión abranguen catro proxectos, dunha banda os que son competencia da Administración Local- ambos do Concello de Vigo- e que acadan un total de algo máis de 2 millóns de euros para o saneamento e os de Administración Central para a extracción do fuel do buque Prestige de cerca de 57 millóns de euros e o orzamento das novas instalacións do Porto de A Coruña en “Punta Langosteira” por valor de 257 millóns 539 mil euros, acadando a contía anual total - 316 millóns 355 mil euros- a máis importante en Galicia dende a constitución do Fondo.

En 2006 –cadro 2.40- apróbanse 5 proxectos a executar pola Xunta de Galicia, correspondentes a actuacións no eido do saneamento en distintos municipios da Comunidade –Catoira, Santiago de Compostela, Cerdedo e Curtis-, por un importe de preto de 7 millóns 557 mil euros, o que supón a asignación anual de menor contía dende a posta en marcha do Fondo de Cohesión.

Visto desde a perspectiva dos dez anos, a maior parte das subvencións dos primeiros foron para as actuacións de transporte –diversos tramos de autovía das Rías Baixas con máis de 59.000 millóns de pesetas -354,60 millóns de euros- nas tres anualidades-. Nos últimos anos acrecentáronse as subvencións correspondentes a medio ambiente; ademais da de SOGAMA por un importe bianual de 12 mil millóns de pesetas -72,12 millóns de euros- e o do conxunto da comunidade autónoma de preto de 30 millóns de euros en 2000, deben reseñarse: o saneamento do río Louro cunha cantidade de máis de 72 millóns no ano 2000, a da estación depuradora de Bens na Coruña en 2003 por preto de 81 millóns, o saneamento da Ría de Vigo, cun montante de máis de 60 millóns de euros en tres anos; o saneamento de A Coruña, Lugo e Ourense; a reforestación e loita contra a erosión, en diversos lugares da comunidade autónoma, en case 15 millóns, as dos anos 2001 e 2002 dirixidas a creación de puntos limpos e peche de vertedoiros, a da extracción do fuel do Prestige e a do Porto da Coruña.

■ Cadro 2.40

Contribución financeira da UE nos sectores agrariopesqueiros. Galicia. 2002-2006

Sector agrario	2002	2003	2004	2005	2006
FEOGA -Garantía ⁽¹⁾					
Réxime de pago único	-	-	-	-	85,605
Industria de cereais	0,039	-	0,007	0,002	0,009
Produción de cereais	29,666	18,905	-	-	-
Produción de oleaxinosas	0,022	0,027	-	-	-
Produción carne de vacún	52,331	55,037	66,819	69,608	67,128
Primas ovino e cabrún	6,248	11,227	4,174	3,229	2,577
Leite escolar	0,354	0,295	0,312	0,270	0,236
Aceite para conservas	11,050	11,832	12,152	9,475	5,779
Destilacións vinícolas	0,182	0,413	0,501	0,228	0,144
Intervencións en porcino	-	0,076	0,071	0,008	-
Retirada de terras	0,044	0,022	-	-	-
Apicultura	0,179	0,199	-	-	-
Recuperacións, intereses, sancións, etc	0,003	0,022	0,012	0,004	-
Produción de forraxes	0,122	0,067	0,063	-	0,033
Cese anticipado	12,248	12,462	11,343	9,602	8,558
Medidas medioambientais	0,504	0,548	-	-	-
Forestación e sevicultura	7,169	8,728	4,950	4,027	7,516
Reestruturación do viñado	4,913	4,976	4,779	6,736	4,248
Indemniz. compensatorias zonas desfavorecidas	5,306	6,473	11,747	6,341	7,413
Almacenamento do leite	0,007	-	-	-	-
Cultivos herbáceos	-	-	20,603	15,583	7,624
Produción de legumes	-	-	0,001	0,002	-
Produción de leite	-	-	20,677	40,507	6,897
Axudas á apicultura	-	-	0,156	0,164	0,163
Medidas agroambientais	-	-	1,260	2,817	3,428
Modulación	-	-	-	-	2,834
Total FEOGA -Garantía	130,387	131,309	159,627	168,603	210,192
FEOGA -Orientación: axudas directas:					
Programas operativos Comun. Autónoma	74,414	136,583	103,022	100,766	56,796
Iniciativas comunitarias e PRODER	3,293	-	0,979	1,553	6,349
Orzamento ingresos do Estado	0,492	2,822	35,228	26,537	3,836
LEADER e outros:					
Comunidade Autónoma	-	-	-	-	1,253
Grupos Acción Local	-	-	5,944	11,183	11,585
Total axudas directas	-	140,487	145,173	140,039	-
Total reembolsos ou anticipos	-	-	-	-	-
Total FEOGA -Orientación	78,199	140,487	145,173	140,039	79,819
Outros recursos agrarios:					
Sanidade animal	-	-	0,146	0,009	-
Sistema integrado e control	-	-	-	-	-
Total outros recursos agrarios	-	-	0,146	0,009	-
Total sector agrario	208,586	271,796	304,946	308,651	290,011
Sector pesqueiro					
IFOP: axudas directas:					
Iniciativa "Pesca"	0,868	-	-	-	-
Estruturas pesqueiras	57,549	149,800	55,006	92,167	87,171
Total IFOP	58,417	-	55,006	92,167	-
Outros recursos pesqueiros:					
Vixiancia pesqueira	0,326	0,086	-	0,356	0,249
Acción específica "Prestige"	-	-	30,000	-	-
Total outros recursos pesqueiros	-	-	30,000	0,356	0,249
Total sector pesqueiro	116,292	149,886	85,006	92,523	87,420
Total sectores agrario e pesqueiro	324,878	421,682	389,952	401,174	377,431

Datos en millóns de euros

(1) Cantidades aboadas polos organismos pagadores con cargo ao FEOGA-Garantía

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Subsecretaría. Oficina Presupostaria

No cadro 2.4I agrúpanse as aportacións do **FEOGA**, que financia accións tendentes á adaptación dos agricultores e das rexións ás novas formas de agricultura; e o desenvolvemento de novos sectores económicos nas zonas rurais; e o **IFOP**, que axuda ás rexións costeiras que se ven afectadas polo declive do sector pesqueiro.

As actuacións da UE, no sector agropesqueiro galego, teñen unha importancia fundamental e pretenden potenciar a vertente da acuicultura e rachar cos graves problemas estruturais da agricultura -escasa dimensión das explotacións, envellecemento da poboación e excesivo peso da súa actividade-; e da pesca -sobredimensión e envellecemento da flota, falta de caladoiros, etc.-.

■ Cadro 2.4I

Recursos financeiros asignados a España para o Fondo Social Europeo. Por comunidades autónomas. 2000-2006

	Obxectivo 1	Obxectivo 2	Obxectivo 3
Formas de intervención			
PP00 Rexionais			
Andalucía	155.155	-	-
Asturias	17.333	-	-
Canarias	45.673	-	-
Cantabria	5.541	-	-
C. A Mancha	40.299	-	-
C. León	51.389	-	-
C. Valenciana	79.283	-	-
Estremadura	60.494	-	-
Galicia	65.223	-	-
Murcia	17.936	-	-
Ceuta	2.596	-	-
Melilla	1.697	-	-
Aragón	-	-	10.241
Baleares	-	-	5.262
Cataluña	-	38.017	36.111
Madrid	-	-	38.904
Navarra	-	-	10.825
País Vasco	-	-	37.045
A Ríoxa	-	-	2.355
Total	542.619	38.017	140.743
PP00 Plurirrexionais			
Fomento do emprego	570.821	-	133.893
Iniciativa Empresarial e Formación Continua	258.556	-	75.775
